**CONCELLO DE VIGO**
Expte.2059/1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 27 de marzo de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de marzo de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(217).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20 de marzo de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(218).- SUBVENCIÓNS A ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. EXPTE. 291370/301**
Visto o informe xurídico do 02/03/2026 e o informe de fiscalización do 18/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/03/2026, asinado polo xefe da Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 1 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## I. ANTECEDENTES

I.1. O Pleno do Concello de Vigo incluiu nos orzamentos xerais do exercicio de 2026 unha aplicación orzamentaria para o desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional desde a Área de Política Social; a nº 2310.480.00.09 (*"Convocatoria subvencións cooperación")* dotada con 60.000 €.

I.2. Polo Servizo de Benestar Social elaboráronse unhas Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento destinadas a financiar proxectos de cooperación internacional no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da LXS, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

I.3. Para estes efectos, contouse no seu momento coa valiosa colaboración e as achegas dos integrantes do «Consello Sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade do Concello de Vigo», órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos e que ten carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito de actuación.

I.4. Ó abeiro da convocatoria de 2025 financiáronse un total de seis (6) proxectos, presentados polas entidades "FUNDACIÓN AGUA DE COCO", "FUNDACIÓN TALLER DE SOLIDARIEDAD", "ASOCIACIÓN AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES", "ASOCIACIÓN COLABORACIÓN Y ESFUERZO", "ASOCIACIÓN HARAMBEE" e "SOLIDARIEDAD, EDUCACIÓN Y DESARROLLO", dirixidos á poboación de países como Madagascar, Bolivia, Perú, Honduras, RD Congo e Zambia, en ámbitos de actuación tales como a atención e a educación infantil, o sostemento de comedores escolares, a alimentación saúdable das familias, as mulleres migrantes campo-cidade, os servizos básicos de sanidade ou a educación técnica e profesional da mocidade.

## II. INFORME

II.1. Os proxectos a desenvolver ó abeiro desta nova convocatoria de axudas enmárcanse igualmente nos obxectivos e metas establecidas na Axenda 2030 das NNUU para o desenvolvemento sostible, que demanda unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas.

II.2. A concesión destas subvencións destinadas á execución de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2026 efectuarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, de acordo coas Bases elaboradas. Estas subvencións están previstas na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 dos vixentes orzamentos municipais (*"Convocatoria subvencións Cooperación"*), destinando a tal fin unha cantidade de 60.000 €.

II.3. A competencia municipal para intervir nesta materia deriva, tal como se xustifica expresamente na Exposición de Motivos das Bases, do previsto tanto na derrogada *L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de cooperación internacional para o desenvolvemento*,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 2 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

como na vixente L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febrero, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global, na L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, na anterior L.3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación para o desenvolvemento, de Galicia (na que se consideraba ás entidades locais como "axentes da cooperación internacional para o d*esenvolvemento":* Art. 23) e na vixente L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que derrogou á precitada L.3/2003, do 19 de xuño e que establece tamén (Art. 98) que as entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos nos que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidade diferenciadas, como a protección dos dereitos sociais básicos, a igualdade de xénero e a educación para a cidadanía global, entre outros.

II.4. En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica estatal e autonómica en materia de cooperación ó desenvolvemento.

II.5. O contido das Bases para a convocatoria de 2026 é moi semellante, coas debidas actualizacións, ó do exercicio de 2025. As únicas novidades puntuais introducidas desta vez, de carácter técnico, son resultado da experiencia acadada nas últimas convocatorias:

a) Na Base 4ª, apdo. a) aclárase que as entidades deberán estar legalmente constituídas e inscritas na Sección A (ONGD) do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento (ou ter solicitado dita inscrición na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes).
b) Nesa mesma Base 4ª (último pfo.) lémbrase ás entidades solicitantes que, de ser beneficiarias destas subvencións en convocatorias anteriores, as mesmas deberán estar debidamente xustificadas.
c) Na Base 6ª redúcese o prazo de presentación de solicitudes de 1 mes a 15 días hábiles, que se considera suficiente e permitirá axilizar a tramitación e resolución do procedemento.
d) Polas mesmas razóns, redúcese a 10 días naturais (non *hábiles* como ata agora) o prazo para que as entidades propostas como beneficiarias comuniquen por escrito a súa aceptación ou renuncia e, de ser o caso, reformulen as súas solicitudes.

## III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

**ACORDO**

**PRIMEIRO**: Aprobar as Bases do programa de «SUBVENCIÓNS A ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2026.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

CONCELLO DE VIGO (POLÍTICA SOCIAL)» e os seus Anexos I – VII (Exp. n.º 291370/301).

**SEGUNDO**: Autorizar o gasto por un importe total de 60.000 € para financiar este programa de subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 (*"Convocatoria subvencións cooperación"*).

**TERCEIRO**: Facultar á Concelleira de Política Social para autorizar previamente e de forma expresa as eventuais modificacións dos proxectos subvencionados, dando conta con posterioridade á Xunta de Goberno Local.

**CUARTO**: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOPPO por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remitiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (*"datos estruturados"*).

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 3(219).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO "PROGRAMA SOCIO-EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR" (PSEAF). EXPTE. 231240/301

Visto o informe de fiscalización do 17/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/03/2026, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

### I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 25.08.2022 (Exp. n.º 231240/301), acordou:

*"(…) SEGUNDO.- Adxudicar a GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371) o procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301) coas seguintes condicións: a) O prezo do contrato é de 2.487.865,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 226.169,59 euros. b) Aporta unha xornada laboral completa anual dun/dunha diplomado/a ou grao en educación social, durante todo o período do contrato, sen custe adicional para o Concello a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 20.09.2022, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 4 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 01.11.2022, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP).

I.4. Tramitouse xa no Exp. n.º 231240/301 a primeira (1ª) prórroga deste contrato para o periodo 01.11.2025 – 31.10.2026, que foi autorizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 11.04.2025.

I.5. Tramítase agora, no mesmo expediente administrativo nº 231240/301, a segunda (2ª) e última prórroga deste contrato para o periodo 01.11.2026 – 31.10.2027 e consta nel (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

– Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá de data 11.03.2026 ordeando a incoación de expediente administrativo para esta 2ª prórroga (trámite n.º 481).

– Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.» (A-78.867.371) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## III. INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 6 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantia sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuir tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. SEGUNDA (2ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – PROGRAMA SOCIO-EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR (PSEAF): XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos a partir do 01.11.2022 (cláusula 4). Como xa se indicou



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 7 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.
III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando en xeral correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dos programas e servizos que estanse a prestar ós menores e ás súas familias.

III.2.7. A segunda (2ª) prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 20.09.2022.

III.2.8. O gasto representado por esta primeira (1ª) prórroga, que é de 829.288,50 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº**V. P** 2310.226.09.07 – *“Programa socio-educativo e de apoio f***V. P***amiliar”* dos orzamentos municipais; 138.214,75 € ó exercicio de 2026 (do 01.11.2026 ó 31.12.2026) e 691.073,75 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 31.10.2027). Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, a efectividade da contía prevista para o exercicio de 2027 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

## IV. CONCLUSIÓNS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 20.09.2022 polo Concello de Vigo coa entidade «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.», toda vez que:

a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.

b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.

c) As características do contrato de servizos formalizado para a prestación do PSEAF permanecerán inalterables.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.

e) Consta igualmente no expediente o preaviso realizado ó contratista con máis de dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (trámites núms. 482-488).

f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

## V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

**ACORDO**

**PRIMEIRO**.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.11.2026 e ata o 31.10.2027, o contrato de servizos do "Programa Socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF), adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 25.08.2022 á entidade «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.» (A-78.867.371) por un prezo de 2.487.865,50 € (IVE incl.) e formalizado en documento administrativo o 20.09.2022, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrógase nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2022.

**SEGUNDO**.- Aprobar o gasto de 829.288,50 € que representa esta segunda (2ª) prórroga a favor de «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.», que poderá imputarse á aplicación nº 2310.226.09.07 – *"Programa socio-educativo e de apoio familiar"* dos orzamentos municipais; correspondendo 138.214,75 € ó exercicio de 2026 (do 01.11.2026 ó 31.12.2026) e 691.073,75 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 31.10.2027). A efectividade da contía prevista para o exercicio de 2027 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

**TERCEIRO**.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**4(220).-CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN DAS CUREÑAS DOS CAÑÓNS DA FORTALEZA DO CASTRO. EXPTE. 12642-307**

Visto o informe de fiscalización do 24/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/03/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Unidade de Patrimonio, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a restauración das cureñas dos cañóns da fortaleza do Castro (12642-307)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade da RESTAURACIÓN DAS CUREÑAS DOS CANÓNS DA FORTALEZA DE O CASTRO.*

*2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 12 de agosto de 2025.*

*3º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do servizo de Contratación o 3 de novembro de 2025.*

*4º.- Autorizar o gasto total de TRINTA E TRES MIL CENTO NOVENTA EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (33.190,30 euros), sendo o importe correspondente ao IVE de CINCO MIL SETECENTOS SESENTA EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (5.760,30 euros). como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3360.6190000 RECUPERACIÓN RESTAURACIÓN CUREÑA E CANÓNS do orzamento municipal para o ano 2025 (RC 12025000008573) e coa seguinte distribución de anualidades (con IVE):*

| | |
|---|---|
| *2025* | *16.595,15 EUROS* |
| *2026* | *16.595,15 EUROS* |
| *TOTAL* | *33.190,30 EUROS* |

*5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**Segundo.-** Con data do 9 de decembro de 2025 cursouse invitación ás empresas que deseguido se relacionan segundo o proposto na memoria xustificativa de data 17 de outubro de 2025:

a) BATEA RESTAURACIONES, SL
b) BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, SL
c) TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, SL

**Terceiro.-** Os tres licitadores presentaron as súas proposicións os días 17, 20 e 23 de decembro de 2025, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** O día 26 de decembro de 2025, reuníronse a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico xunto coa xefa do Servizo de Contratación, para a apertura e cualificación da documentación do Sobre A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL. Cualificada a documentación administrativa, en cumprimento do disposto na cláusula 16.2 do PCAP, acordouse:

1. "Admitir a TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, S.L. no procedemento negociado sen publicidade do servizo de restauración das cureñas dos canóns da fortaleza do Castro, por ter presentado correctamente a documentación da cláusula 14.2A do PCAP.

2. Conceder un prazo de 3 días naturais aos licitadores que deseguido se relacionan para que presenten un novo DEUC asinado dixitalmente por persoa con poder de representación, dado que os presentados non están asinados:

   a) BATEA RESTAURACIONES SL
   b) BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN SL"

Este acordo foi notificado aos licitadores interesados que presentaron a documentación dentro do prazo concedido.

**Quinto.-** Con data do 29 de decembro de 2025 reuníronse novamente a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico xunto coa xefa do Servizo de Contratación para a cualificación da documentación presentada por BATEA RESTAURACIONES SL e BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN SL e para a apertura do Sobre B "Materias obxecto de negociación, se procedese, de conformidade co previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Revisada a documentación acordouse:

- "Admitir a BATEA RESTAURACIONES SL e a BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN SL neste procedemento por ter emendado correctamente a documentación da cláusula 14.2A do PCAP".

A continuación, procedeuse á apertura do Sobre B. Descifrouse o sobre na Plataforma de Contratos do Sector Público pero non foi posible abrilo por problemas técnicos da propia plataforma polo que se suspendeu a sesión ata a súa resolución.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**Sexto.-** Con data do 30 de decembro de 2025, reuníronse novamente a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico xunto coa xefa do Servizo de Contratación e púidose abrir e descargar o Sobre B. Revisada a documentación presentada, acordouse:

- "Conceder un prazo de 3 días naturais a BATEA RESTAURACIONES SL para que poida emendar a documentación presentada no Sobre B mediante a sinatura dixital por persoa con poder de representación".

Este acordo foi notificado ao licitador que emendou a documentación dentro do prazo concedido.

**Sétimo.-** O 20 de xaneiro de 2026 a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico emitiu informe de valoración do Sobre B no que indica:

*[…] "solicítase aos tres licitadores invitados que melloren a oferta presentada detallando o seguinte:*

*- o cronograma dos traballos da súa proposta de restauración dos elementos.*

*- a formación e experiencia do equipo humano que vai participar no proceso de restauración".*

**Oitavo.-** Con data do 26 de xaneiro de 2026, de acordo co disposto na cláusula 16.4 e 5 do PCAP deuse traslado do informe de valoración das materias obxecto de negociación aos licitadores admitidos para que puidesen mellorar a súa oferta.

Dentro do prazo concedido, os tres licitadores reformularon a súa oferta.

**Noveno.-** O 3 de febreiro de 2026 a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico emitiu informe sobre as novas ofertas no que indica:

*[…] "os tres licitadores melloran o solicitado no prego de prescricións técnicas do presente procedemento: aumentan o equipo humano requirido e presentan un cronograma no que figuran os traballos a realizar no proxecto de restauración das cureñas, polo que se da por concluída a negociación (cláusula 16.6 do PCAP)".*

O mesmo día reuníronse a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico xunto coa xefa do Servizo de Contratación para a apertura do Sobre C co seguinte resultado:

| | Licitador | Prezo sen IVE |
|---|---|---|
| 1 | BATEA RESTAURACIONES, SL | 27.400,00 € |
| 2 | BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, SL | 27.150,00 € |
| 3 | TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, SL | 22.325,00 € |



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 12 de 130
2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En aplicación dos criterios previstos no apartado 6E do Anexo I -FEC- (artigo 85 do RXLCAP) constatouse que a oferta presentada por TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, SL contén valores anormais ou desproporcionados:

| Licitador | Baixa ofertada |
|---|---|
| TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, SL | 18,61% |

En base ao anterior, procedeuse de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, SL por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para que xustificase a súa oferta.

Este acordo foi notificado ao licitador que presentou xustificación da súa oferta dentro do prazo concedido.

**Décimo.-** Con data do 9 de febreiro de 2026 a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico emitiu informe sobre a xustificación presentada por TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, SL no que concluíu:

> *"[...]Por tanto, non se pode chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artígo 149 da LCSP que recolle que o licitador debe xustificar e desagregar "razoada e detalladamente, o baixo nivel dos prezos, ou dos custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta".*

**Undécimo.-** O 10 de febreiro de 2026 a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), adoptou a seguinte resolución:

> *"Primeiro.- Rexeitar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, SL no procedemento negociado sen publicidade da restauración das cureñas dos canóns da fortaleza do Castro (12.642-307) en base ao informe emitido o 9 de febreiro de 2026 pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico.*
>
> *Segundo.- Excluír deste procedemento a TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, SL por entender que a súa ofertas no pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais".*

Esta resolución foi notificada ao interesado o 13 de febreiro de 2026.

**Décimo segundo.-** O 20 de febreiro de 2026 a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico emitiu informe de valoración do Sobre C de conformidade co disposto na cláusula 16.7 do PCAP.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 13 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Décimo terceiro.-** A proposta da xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 20 de febreiro de 2026, adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de restauración das cureñas dos cañóns da fortaleza do Castro na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitador*** | ***Prezo sen IVE*** |
|---|---|---|
| *1* | *BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, SL* | *27.150,00 €* |
| *2* | *BATEA RESTAURACIONES, SL* | *27.400,00 €* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- *A documentación acreditativa da súa aptitude para contratar enumerada na cláusula 9.*
- *A acreditación da constitución da garantía definitiva esixida no apartado 9.C do Anexo I -FEC-.*
- *O Anexo IV do PCAP que inclúe unha declaración responsable designando ao seu delegado, o acordo de confidencialidade e a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo.*
- *O Anexo V do PCAP que inclúe unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para o contratistas e subcontratistas.*

*Lembrar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente".*

**Décimo cuarto.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, SL, o día 23 de febreiro de 2026, que presenta a documentación requirida o 3 e 9 de marzo, dentro do prazo concedido.

Constan no expediente os certificados acreditativos de que a licitadora non ten débedas coa AEAT, a ATRIGA e a TXSS. Asemade, figura no expediente o certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias da Tesourería do Concello de Vigo.

Revisada a documentación pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e a xefa do Servizo de Contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 17.2 do PCAP, ao resultar correcta, procede formular proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefatura do servizo xestor ou o responsable do contrato xunto coa xefatura do Servizo de Contratación, ou o/s funcionario/s en quen deleguen, de conformidade co previsto na cláusula 17.2 do PCAP. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, SL, de acordo cos informes de valoración das materias obxecto de negociación (Sobre B), de valoración das ofertas reformuladas e do criterio de adxudicación (Sobre C) de datas 26 de xaneiro, 3 e 20 de febreiro de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO**

*"Adxudicar a BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, SL o procedemento negociado sen publicidade para a restauración das cureñas dos cañóns da fortaleza do Castro (12642-307) por un prezo total do contrato de 32.851,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.701,50 euros.*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 27/03/2026

**5(221).- CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECREACIÓN VIRTUAL DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU. EXPTE. 8935/104**

Visto o informe de fiscalización do 18/03/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

**11.- Propostas de adxudicación**

**b) Procedemento aberto do servizo de recreación virtual da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8935-104)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de recreación virtual da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8935-104)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto da PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECREACIÓN VIRTUAL DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPAE- NEXTE GENERATION EU.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 06/10/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, asinado polo servizo de contratación con data 28/11/25*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 82.000,00 €, cun IVE de 14.231,40 euros que dividiranse do seguinte modo nas anualidades 2025 e 2026:*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 16 de 130
2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | |
|---|---|
| *2025* | *46.773,41€* |
| *2026* | *35.226,59€* |
| *TOTAIS* | *82.000,00€* |

*O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.06.03 "TRANSICION DIXITAL PSTD FMRR" do programa orzamentario do Servizo de Turismo.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 20 de febreiro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 19 de febreiro de 2026, de VORTAL XR, SL por ser a súa proposición superior ao orzamento base de licitación, tal e como establece a cláusula 5.6 do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de recreación virtual da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8935-104) na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| ***1*** | ***NUNSYS, SA*** | ***92,50*** |
| *2* | *INNOAREA PROJECTS, SL* | *76,83* |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NUNSYS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 17 de 130
2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NUNSYS, SA, o día 23 de febreiro de 2026, que presenta a documentación requirida o 5 e o 9 de marzo de 2026, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o obxecto social, o poder de representación e que a empresa non se atopa incursa en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (47.438,02 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (57.400,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- O plan de igualdade e a inscrición do mesmo no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade, así como, a declaración de contar cun 2 % de traballadores discapacitados ao ser una empresa de máis de 50 traballadores.
- Autoliquidación por un importe de 2.455,75 euros que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente xustificante.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS, así como o xustificante de non figurar inscrito na ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 12 de marzo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 18 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NUNSYS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NUNSYS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 6 e 16 de febreiro de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

> "Adxudicar a NUNSYS, SA o procedemento aberto do servizo de recreación virtual da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8935-104) coas seguintes condicións:
>
> a) O prezo total do contrato é de 59.429,15 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.314,15 euros.
>
> b) Incorpora 2 recorridos interior/exteriores 360º adicionais á reconstrución virtual.
>
> c) Aumenta o número mínimo de elementos patrimoniais da reconstrución virtual previsto no PPT en 3.
>
> Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

**6(222).-DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR A LANZADA COOPERATIVA GALEGA NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN SERVIZO DE DESEÑO E CREACIÓN DE PAQUETES TURÍSTICOS EN BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPA- NEXT GENERATIONEU. EXPTE. 8883/104**

Visto o informe-proposta do 24/03/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de goberno de Seguridade, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de deseño e creación de paquetes turísticos en Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8883-104) (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de deseño e creación de paquetes turísticos en Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8883-104) (PCAP)

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** O 19 de decembro de 2025, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación do servizo de deseño e creación de paquetes turísticos en Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 2 de xaneiro de 2026, rematando o prazo de presentación de ofertas o 19 de xaneiro.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 20 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Segundo.-** Con data do 22 de xaneiro de 2026, a Mesa de Contratación acordou:

a) *"Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*
   1. *FAZ CULTURA E DESENVOLVEMENTO S.L.*
   2. *INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN S.L.*
   3. *VOLTA MONTANA,S.L.*

b) *Outorgar un prazo de tres días naturais aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:*
   1. *CARLOS ALCÁNTARA ALEJO: deberá presentar novamente o DEUC e o Anexo II dado que os documentos presentados se refiren a un contrato cun título, código de procedemento e entidade contratante que non se corresponden con esta licitación:*
      a) *No DEUC deberá corrixir a información recollida na Parte I: Información sobre el procedimiento de contratación y el poder adjudicador o la entidad adjudicadora / Identidad del contratante / Información sobre el procedimiento de contratación para adaptarse*
      b) *No Anexo II deberá eliminar as referencias ao código de procedemento PCO001202500868 (na cabeceira e no apartado e). Lémbrase que non é necesario que cubra esta letra ao non esixirse o compromiso de adscrición de medios no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
   2. *UTE ANA MARÍA MARTÍN PONTE – LUCÍA OUTEIRAL PÉREZ (porcentaxe de participación na UTE ao 50%): deberá presentar novamente o Anexo III do PCAP "Compromiso de posta a disposición de medios por un terceiro" con sinatura válida das dúas licitadoras e da representante do terceiro). No Anexo presentado aínda que consta a marca de auga das tres asinantes, a única sinatura válida é a de Lucía Outeiral Pérez.*
   3. *PHYGITAL DEST, S.L.: deberá presentar un novo Anexo II do PCAP "Declaración responsable" dado que non presentado non cubriu as letras f) Grupo de empresas e g) Tratamento de datos persoais: subcontratación servidores.*
   4. *<u>A LANZADA COOPERATIVA GALEGA: deberá presentar un novo Anexo II do PCAP "Declaración responsable" dado que non presentado non cubriu a letra f) Grupo de empresas</u>".*

Este acordo foi notificado ao interesado o 22 de xaneiro de 2026, quen recibiu a notificación o 24 de xaneiro.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión do 29 de xaneiro de 2026, adoptou o seguinte acordo:

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

a) *"Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.*
    1. *CARLOS ALCÁNTARA ALEJO*
    2. *UTE ANA MARÍA MARTÍN PONTE – LUCÍA OUTEIRAL PÉREZ (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)*

b) *Non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores polas razóns que a continuación se detallan:*
    1. *PHYGITAL DEST, SL, por presentar documentación fora do prazo concedido.*
    2. *A LANZADA COOPERATIVA GALEGA, por non presentar documentación ningunha no prazo concedido".*

Este acordo foi notificado o 30 de xaneiro de 2026.

**Cuarto.-** O 30 de xaneiro de 2026, Dª Lanzada Calatayud Álvarez, actuando en nome e representación de A LANZADA COOPERATIVA GALEGA, formulou escrito de alegacións (documento nº 260023860) contra o acordo de 29 de xaneiro de 2026 polo que non se lle admite do procedemento por non emendar a documentación persoal dentro do prazo concedido, baseándose na "*imposibilidade técnica de presentación na Plataforma de Contratación*".
Acompaña ao escrito novo Anexo II ao PCAP e declaración responsable sobre "*Intentos de presentación de documentación*" na que indica que realizou "*intentos efectivos de presentación os días 23 e 24 de xaneiro de 2026", "que durante os devanditos intentos non se atopaba habilitada na plataforma a opción de subida de documentación de emenda para o expediente 8883-104, o que impediu materialmente a presentación da documentación, sen que exista causa imputable a esta licitadora",* recoñecendo que *"non se realizaron capturas de pantalla que acreditasen a devandita imposibilidade técnica"* e que *"entende que os intentos de acceso e a indispoñibilidade da funcionalidade de presentación poden ser comprobados polos servizos técnicos correspondentes".*

**Quinto.-** Para os efectos de dar cumprimento á esixencia do artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con data do 6 de febreiro de 2026 deuse audiencia aos outros licitadores presentados a este procedemento. Durante o prazo concedido non se presentaron alegacións.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**-I-**
**Obxecto do recurso de alzada**

É obxecto desta impugnación o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2026, polo que non se admite no procedemento á recorrente "*por non presentar documentación ningunha no prazo concedido*".

**-II-**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 22 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa.

En primeiro lugar, cómpre analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de non admisión.

Son causas de non admisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública
b) Carecer de lexitimación o recorrente
c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso
d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso
e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de alzada as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa (artigo 121.1 LPAC):

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional
b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
c) Os que teñan un contido imposible
d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta
e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados
f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición
g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou dea lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC)
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC)

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

No caso que nos ocupa, dado que os acordos da Mesa de Contratación non poñen fin á vía administrativa, por ter superior xerárquico (a Xunta de Goberno local), procede a interposición dun recurso de alzada (artigo 121 LPAC).

Non concorre no mesmo ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62 da LRJAP, en consecuencia, hai que deducir que a recorrente impugna o acordo amparándose na súa suposta anulabilidade.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a A LANZADA COOPERATIVA GALEGA por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de licitador.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interporse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 121.2 LPAC).

Esixe o artigo 115.1 da LPAC que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias:

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 122.1 LPAC). Dado que o acordo recorrido é de data 29 de xaneiro de 2026 e se notificou ao interesado ao día seguinte, a interposición do recurso de alzada o 30 de xaneiro realizouse en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o seu fondo.

**-III-**
**Tramitación do recurso**

En relación coa tramitación do recurso, a lei limítase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.
Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 24 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC)
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC)

En base ao anterior, deuse audiencia aos outros licitadores presentados a este procedemento, FAZ CULTURA E DESENVOLVEMENTO S.L., INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN S.L., VOLTA MONTANA,S.L., CARLOS ALCÁNTARA ALEJO, UTE ANA MARÍA MARTÍN PONTE – LUCÍA OUTEIRAL PÉREZ e PHYGITAL DEST, S.L., mediante escrito enviado o 6 de febreiro de 2026, para que puidesen alegar o que estimaran pertinente.
Durante o prazo concedido, ningún dos anteriores licitadores presentou alegacións.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de alzada o superior xerárquico do órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oiráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de tres meses (artigo 122.2 LPAC).

## -IV-
## Motivos de impugnación da resolución recorrida

A recorrente alega a "*imposibilidade técnica de presentación na Plataforma de Contratación*" nos seguintes termos:

> *"Que, dentro do prazo de emenda concedido, a intención desta parte foi en todo momento subsanar correctamente a documentación requirida, realizándose intentos efectivos de presentación da documentación emendada os días 23 e 24 de xaneiro de 2026, ambos incluídos dentro do prazo concedido pola Mesa de Contratación.*
>
> *Que, desgraciadamente, non se procedeu á realización de capturas de pantalla que acreditasen a imposibilidade técnica de subida da documentación na Plataforma de Contratación do Sector Público, circunstancia que esta parte lamenta, pero que non pode interpretarse en ningún caso como falta de dilixencia nin como ausencia de intentos reais de presentación.*
>
> *Así mesmo, enténdese que tales intentos e a inexistencia de habilitación da plataforma poden ser comprobados polos servizos técnicos correspondentes, mediante os rexistros de acceso, logs da plataforma ou demais mecanismos de control técnico dos que dispón a Administración".*

E baseándose no *"Dereito á emenda e principio antiformalista", "Indefensión por causas técnicas non imputables ao interesado"* e no *"Principio de proporcionalidade e boa administració*n", recoñecendo "*A inexistencia de proba gráfica inmediata*", solicita:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 25 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*"1. Que se teñan por presentadas as presentes alegacións, xunto coa documentación achegada.*

*2. Que se revise o acordo de non admisión adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 29 de xaneiro de 2026.*

*3. Que, en aplicación dos principios de proporcionalidade, concorrencia e ausencia de indefensión, se teña por correctamente emendada a documentación administrativa presentada por A LANZADA COOPERATIVA GALEGA.*

*4. Subsidiariamente, que se retrotraian as actuacións ao momento anterior á exclusión, permitindo a incorporación da documentación emendada ao expediente".*

Acompaña ao escrito Anexo II ao PCAP e declaración responsable sobre "*Intentos de presentación de documentación*" na que indica que realizou "*intentos efectivos de presentación os días 23 e 24 de xaneiro de 2026", "que durante os devanditos intentos non se atopaba habilitada na plataforma a opción de subida de documentación de emenda para o expediente 8883-104, o que impediu materialmente a presentación da documentación, sen que exista causa imputable a esta licitadora",* recoñecendo que *"non se realizaron capturas de pantalla que acreditasen a devandita imposibilidade técnica"* e que *"entende que os intentos de acceso e a indispoñibilidade da funcionalidade de presentación poden ser comprobados polos servizos técnicos correspondentes".*

A emenda da documentación persoal regúlase no artigo 141.2 da LCSP ao prever que "*nos casos nos que se estableza a intervención de mesa de contratación, esta cualificará a declaración responsable e a documentación á que se refire o artigo anterior. Cando esta aprecie defectos emendables, dará un prazo de tres días ao empresario para que os corrixa*".

En similares termos se pronuncia o artigo 81.2 do RXLCAP.

En liña coa citada normativa, a cláusula 17.1 do PCAP ao regular a apertura da documentación e das proposicións, establece:

> *"Se a Mesa de Contratación observase defectos ou omisións no DEUC ou nas declaracións responsables que se inclúen no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador neste procedemento, notificaralle aos interesados esta circunstancia, concedéndoselles un prazo de tres días para que os corrixan ou emenden, presentando a documentación requirida a **través do Rexistro electrónico xeral do Concello**".*

En cumprimento do prego e da normativa contractual, previa publicación no perfil de contratante notificouse á recorrente o acordo da Mesa de Contratación do 22 de xaneiro polo que se lle concedía un prazo para a emenda da documentación persoal. Na propia notificación informábase do medio de presentación:

> *"O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:*
>
> *versión galego:*
>
> *https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 26 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*versión castellano:*

*https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas*

*Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital".*

Esta notificación foi remitida o mesmo día do acordo da Mesa, 22 de xaneiro de 2026, rematando o prazo o 26 de xaneiro. Dentro deste prazo non se recibiu documentación por ningún medio nin o licitador se puxo en contacto co Servizo de Contratación para comunicar a imposibilidade da presentación, nin telefonicamente nin por correo electrónico. En consecuencia, cando a Mesa de Contratación se reuniu o 29 de xaneiro de 2026, dado que non constaba presentada documentación ningunha para a emenda do Sobre A da recorrente, non procedía outro acordo que a non admisión no procedemento.

Segundo o sucedido e mesmo tendo en conta o alegado pola recorrente no seu escrito, evidénciase que o problema no intento de presentación da documentación non se debeu a unha cuestión de imposibilidade técnica que puidese motivar unha ampliación do prazo segundo o previsto no artigo 32.4[1] da Lei 39/2015, senón no propio medio elixido para iso.
En efecto, tal e como indica a recorrente, non estaba habilitada na plataforma a opción de subida de documentación de emenda para o expediente 8883-104, precisamente porque este non era o medio para facelo, tal e como sinalan o PCAP e a notificación do requirimento.
Así, pois, a falta de presentación da documentación de emenda dentro do prazo concedido para o efecto non se debeu a unha causa imputable á Administración senón á propia recorrente, polo que a súa non admisión é correcta, non procedendo a súa revisión.

**-V-**
**Acordo**

O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido (artigo 121.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO:**

***"1º.- Admitir o recurso de alzada interposto o 30 de xaneiro de 2026 por Dª Lanzada Calatayud Álvarez, en representación de A LANZADA COOPERATIVA GALEGA, no procedemento aberto do servizo de deseño e creación de paquetes turísticos en Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8883-104.***

***2º.- Desestimar o citado recurso, polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe.***

1 *"Cando unha incidencia técnica teña imposibilitado o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e ata que se solucione o problema, a Administración poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida como a ampliación concreta do prazo non vencido".*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 27 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

***3º. Notificar este acordo á recorrente".***

**<u>ACORDO</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(223).-SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O "INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES" PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DAS ACTIVIDADES CULTURAIS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DO ANO 2026. EXPTE. 6509/330**
Visto o informe xurídico do 20/02/2026 e o informe de fiscalización do 18/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/02/2026, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 22 de xaneiro do 2026, o Instituto de Estudios Vigueses presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2026; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente para asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 40.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 do orzamento municipal vixente.

<u>ANTECEDENTES.-</u>

O **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudios rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudio estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.

**PROGRAMA**
**Edición de publicacións programadas no ano 2026:**
coa posibilidade de que poda incluirse algunha máis, son as seguintes:

- Arquitectura parroquial y desarrollo urbano de Vigo, siglo XX (Marta Vilas)
- Aproximación a la vida y obra del empresario Isaac Fraga (María del Pilar López)
- Álbum, Vigo 1936 (Xoán Carlos Abad)
- A fidelidade viguesa (Jorge Lamas)
- Catálogo IEV, 35 aniversario (VVAA)
- Paisajismo urbano en Vigo de la familia Turc de Alicia López Rodríguez
- Vigo naqueles tempos: 1962 (Xoán Carlos Abad e Evaristo Pereira)
- Boletín Glaucopis no 31, correspondente ó ano 2026



Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 28 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Tamén está previsto organizar o **"FORUM-2026: MIRAR VIGO/MIRAR POR VIGO"**; que abrangue a seguinte programación (suxeito a posibles cambios):

1) Xoves 26 de febreiro: Presentación do FÓRUM. Lugar: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 12.00.

2) Mércores 18 de marzo: Actuación musical de Alejo Amoedo (piano) e Nuria Lorenzo (mezzosoprano) baixo o título "Centenario de Marcial del Adalid: música, poesía e identidade galega". Presenta Alejo Amoedo. LUGAR: Salón de Actos da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

3) Xoves 9 de abril: Conferencia de José Luis Mateo -historiador da arte- "Mirar Vigo... Vigo nas vistas e ilustracións". Presenta Carlos Núñez. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

4) Xoves 14 de maio: Conferencia de Diego Gómez Fernández -abogado especialista en dereito urbanístico e coordinador da sección de Formación do Colexio de Abogados de Vigo- "O patrimonio cultural e o planeamento urbanístico de Vigo".
Presenta Jacinto Lareo. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora:
19.30.

5) Martes 11 de xuño: Paseo guiado pola obra de Antonio Palacios e Manuel Gómez Román co seguinte percorrido: convento das Salesas e chalet de Manuel Gómez Román (Vigo), templo votivo do mar (Panxón, Nigrán) e Virxe da Rocha (Baiona).
Guías: José Luis Varela Alén, Mercedes Bangueses e José Luis Mateo. LUGAR:
Vigo, Panxón e Baiona. Hora: 16.30 – 20.00.

6) Xoves 24 de setembro: Conferencia de Roberto Mera Covas -investigador e licenciado en Dereito e Ciencias Políticas e da Administración- "Alejandro Viana Esperón: do compromiso con Vigo á proeza do rescate dos refuxiados republicanos". Presenta José Luis Mateo. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

7) Xoves 15 de outubro: Conferencia de Vicente Caramés Moreira -comisario de exposicións, investigador e arqueólogo conservador do Museo do Mar de Galicia en Vigo- "O triángulo do oprobio esclavista entre África, Galicia e América".Presenta José Luis Mateo. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora:19.30.

8) Xoves 7 de novembro: Mesa redonda cos artistas Nelson Villalobos e Antón Pulido baixo o título "Mirar Vigo...A mirada dos artistas e a cidade de cores".
Presenta Antonio Giráldez. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios.
Hora: 19.30.
Tamén se ten previsto organizar unha serie de intercambios e xuntanzas referidos á "Presenza e o papel das comunidades de vigueses noutros espazos xeográficos e o mantemento das súas relacións coa cidade matriz"
A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 40.000 € (cincuenta mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

– Concello de Vigo: 40.000 €

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 13 de febreiro do 2026

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao "Instituto de Estudios Vigueses", para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2026, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen no convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). Se ven no dito PES recolle un importe de 37.000,00 €, neste exercizo está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, , na aplicación 3340.480.00.01, cun importe, segundo a proposta, de 40.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: "*Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista a favor do Instituto de Estudios Vigueses, CIF G-27767524, pasando dos 37.000 € previstos inicialmente no PES aos 40.000 € incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que o resto de



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 30 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

compoñentes da liña de subvención teñan variado. O programa subvencionado segue a ser o mesmo: a programación de actividades culturais de investigación e divulgación que organiza a entidade beneficiaria da subvención.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao "Instituto de Estudios Vigueses" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo á "Instituto de Estudios Vigueses" ten como obxecto financiar a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2026, figurando na aplicación 3340.480.00.01 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 40.000 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación , por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

GASTOS SUBVENCIONABLES:
**Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas**.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor ( máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo á “Instituto de Estudios Vigueses” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

**PRIMEIRO**.- Aprobar a concesión directa da subvención de 40.000 € (corenta mil euros) ao Instituto de Estudios Vigueses, CIF: G-27767524, para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 “ INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES. PROGRAMA DE ACTIVIDADES ” , que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**SEGUNDO**.- Que se aprobe o texto do proxecto do convenio entre o Concello de Vigo e o "Instituto de Estudios Vigueses" que regula o outorgamento da subvención para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2026.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(224).-SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO. EXPTE. 21953/77**
Visto o informe de fiscalización do 17/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/02/2026, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira-delegada da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**INFORME- PROPOSTA**

**I. Obxecto da subvención:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo - que se integra na liña 4.12 de fomento de actividades sociais: emprendemento e proxectos empresariais innovadores do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sen ánimo de lucro, que se realizasen como máximo entre o **1 agosto de 2025 e o 31 de xullo de 2026.**

**II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 33 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (*apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (*apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Emprego.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

**III. Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.

**IV. Finalidade**:

Estas axudas están dirixidas a que mediante a investigación e a innovación, se fomente o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.

**V. Procedemento de concesión da subvención:**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

**VI. Tramitación:**

Non se introduciron novidades respecto ás Bases da convocatoria correspondente ao 2025.

**VII. Normativa de aplicación:**

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 34 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2026 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2026 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**VIII. Tramitación electrónica**:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

**IX. Contía total e crédito orzamentario:**

a) A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programas de axuda ao plan de Emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
b) O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 €, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.
c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 35 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

## X. Publicidade:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

## XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local. Xa que logo, de conformidade co disposto na vixente LRBRL e de acordo coas delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019 e modificacións posteriores, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

## XII. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 36 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, nos termos competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 124 da Lei 7/85 e Resolución de Delegación de Competencias do 25/09/2025), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe de 40.000,00 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000 “Programas de axuda ao plan de Emprego” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2026.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” correspondentes ao ano 2026 e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición das persoas usuarias.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**9(225).-PRÓRROGA DO CONTRATO DO "SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA". EXPTE. 2893/500**

Visto o informe de fiscalización do 18/03/2026 e informe-proposta do 12/03/2026, asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e conformado polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**Primeiro- Aprobación do expediente de contratación.**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022, aprobou o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria do "Servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria" (expediente 2893/500), así como o Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPT) de 12 de maio de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) de 6 de outubro de 2022 que rexen a licitación, ademais do correspondente gasto por importe de 1.530.000,00€, acordando igualmente a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.- Adxudicación.**

A Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, en sesión do 23 de febreiro de 2023 acordou:

*"Adxudicar a LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (B-33.473.489) o lote B ZONA OESTE do procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2.893-500) coas seguintes condicións:*

- *a) O prezo total do contrato é de 765.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 132.768,60 euros.*
- *b) Propón como baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios para o conxunto dos prezos unitarios: 18%.*
- *c) Propón como incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 200 que figura no Servizo III.1.1 contemplado na Prescrición 1 do PPTP, 100 medicións anuais a maiores das sinaladas no PPTP.*
- *d) Propón como incremento da porcentaxe de expedientes xurídicos a que se refire o SERVIZO I.2 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO do PPTP, postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 3 meses previsto no apartado 2 da prescrición 3 do PPTP, un 24% a maiores sobre a porcentaxe sinalada no PPTP.*
- *e) Propón como incremento na porcentaxe de expedientes físicos de declaracións e comunicacións a que se refire o SERVIZO I.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO do PPTP postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 5 meses previsto no apartado 3 da prescrición 3 do PPT, dun 20% a maiores sobre a porcentaxe sinalada no PPTP.*
- *f) Propón facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 38 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*eventuais prórrogas, as valoracións desglosadas de solo e construción para cada ben inmoble segundo as necesidades dos mesmos: si*

g) *Acredita a posesión de Formación especifica en GIS aplicado a urbanismo-catastro, a través dun curso de formación dun mínimo de 80 horas por parte de 2 delineante(s)/técnico/a(s) superior(es) en topografía/cartografía adscritos/as ao contrato de forma presencial no servizo de Xestión Catastral delegada na forma requirida pola prescrición 5 do PPTP.*
h) *Acredita práctica no manexo das aplicacións SIGCA, SIGECA e SAUCE, a través da presentación de 5 licenzas.*
i) *Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais (números de policía, cambios de denominación de rúas, altas de novas rúas e outros identificadores do ben inmoble), prevista no servizo 9 da prescrición 1 a que se refire o SERVIZO III.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO DO PPTP cunha redución de 60 días.*

*Adxudicar a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. (B-96.067.400) o lote A ZONA ESTE do procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2.893-500) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 765.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 132.768,60 euros.*
b) *Propón como baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios para o conxunto dos prezos unitarios: 18,10%.*
c) *Propón como incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 200 que figura no Servizo III.1.1 contemplado na Prescrición 1 do PPTP, 100 medicións anuais a maiores das sinaladas no PPTP.*
d) *Propón como incremento da porcentaxe de expedientes xurídicos a que se refire o SERVIZO I.2 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO do PPTP, postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 3 meses previsto no apartado 2 da prescrición 3 do PPTP, un 24% a maiores sobre a porcentaxe sinalada no PPTP.*
e) *Propón como incremento na porcentaxe de expedientes físicos de declaracións e comunicacións a que se refire o SERVIZO I.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO do PPTP postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 5 meses previsto no apartado 3 da prescrición 3 do PPT, dun 20% a maiores sobre a porcentaxe sinalada no PPTP.*
f) *Propón facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións desglosadas de solo e construción para cada ben inmoble segundo as necesidades dos mesmos: si*
g) *Acredita a posesión de Formación especifica en GIS aplicado a urbanismo-catastro, a través dun curso de formación dun mínimo de*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 39 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*80 horas por parte de 2 delineante(s)/técnico/a(s) superior(es) en topografía/cartografía adscritos/as ao contrato de forma presencial no servizo de Xestión Catastral delegada na forma requirida pola prescrición 5 do PPTP.*

*h) Acredita práctica no manexo das aplicacións SIGCA, SIGECA e SAUCE, a través da presentación de 5 licenzas.*

*i) Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais (números de policía, cambios de denominación de rúas, altas de novas rúas e outros identificadores do ben inmoble), prevista no servizo 9 da prescrición 1 a que se refire o SERVIZO III.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO DO PPTP cunha redución de 60 días".*

**Terceiro.- Prazos.**

O PCAP refírese aos prazos na súa cláusula 26:

*"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido."*

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución:

> *"A) PRAZO TOTAL: 3 anos*
>
> *B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan*
>
> C) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha"

**Cuarto.- Formalización dos contratos e inicio da execución.**

En datas 05/05/2023 e 02/05/2023 subscribíronse os contratos con cada unha das mercantís adxudicatarias de cada lote, establecéndose na cláusula 4ª dos citados contratos establecéndose o seguinte: *"O prazo do contrato é de tres (3) anos, contémplanse dúas (2) prórrogas de un (1) ano cada unha. A data de inicio do contrato é o 01 de xullo de 2023".*

**Quinto.- Preaviso da prórroga.**

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece: *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración contrato (...)".*

En data 10 de marzo de 2026 as mercantís adxudicatarias dos dous lotes recibiron notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga dun ano para o contrato do "Servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria" (expediente 2893/500).

S.ord. 27/03/2026

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

En documentos 260058438 (presentado o 10/03/2026) e 260058937 (presentado o 11/03/2026), os representantes das mercantís adxudicatarias de cada lote acusaron recibo da recepción do preaviso, manifestando a súa vontade de interese de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade.

**Sexto.- Correcta execución do contrato e procedencia da continuidade do servizo.**

A prestación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria por parte das empresas adxudicatarias (SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. e LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489) estase a realizar a plena satisfacción desta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como na súa oferta.

Polo tanto, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada entende que resulta necesaria e acorde cos intereses municipais a continuidade do servizo, mediante a materialización da primeira prórroga dun ano, contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/07/2026 e o 30/06/2027.

**Sétimo.- Orzamento.**
O prezo total do contrato (que inclúe dous lotes) para tres anualidades quedou aprobado por importe de 1.530.000€, IVE incluído, sendo o prezo por anualidade para cada lote de 255.000€.
No apartado 3K das Follas de características do contrato (FEC) indícase que non procede a revisión de prezos.
En consecuencia, o prezo para cada lote (Lote A e Lote B) da primeira prórroga por un (1) ano deste contrato queda fixado en 255.000€, IVE incluído, a dividir en dúas anualidades: 127.500€ con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 01/07/2026 ao 31/12/2026) e 127.500€ con cargo ao exercicio 2027 (do 01/01/2027 ao 30/06/2027), con imputación á aplicación orzamentaria 9320.227.99.02 (Traballos de colaboración coa XCT).

**Oitavo.- Competencia.**

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar a prórroga do contrato, como órgano de contratación, ao abeiro do disposto na Disposición Adicional Segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 e do artigo 127 da LRBRL, a proposta da responsable do contrato (Cláusula 1, apartado 3 do PCAP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previos informes da Asesoría Xurídica Municipal e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO**.- Autorizar a prórroga do contrato do “Servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria” -Lote A- zona Este (expediente 2893/500) para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2026 e o 30 de xuño de 2027, adxudicado á empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400) por acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro de 2023.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**SEGUNDO**.- Autorizar a prórroga do contrato do “Servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria” -Lote B- zona Oeste (expediente 2893/500) para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2026 e o 30 de xuño de 2027, adxudicado á empresa LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489) por acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro de 2023.

**TERCEIRO**.- Autorizar e comprometer os seguintes importes das correspondentes prórrogas:

A favor de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400), adxudicataria do Lote A (Zona Este):

- Con cargo ao orzamento do 2026 (partida 9320.227.99.02 -Traballos de colaboración coa XTC): 127.500,00€

- Con cargo ao orzamento do 2027 (partida 9320.227.99.02 -Traballos de colaboración coa XTC): 127.500,00€

A favor de LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489), adxudicataria do Lote B (Zona Oeste):

- Con cargo ao orzamento do 2026 (partida 9320.227.99.02 -Traballos de colaboración coa XTC): 127.500,00€

- Con cargo ao orzamento do 2027 (partida 9320.227.99.02 -Traballos de colaboración coa XTC): 127.500,00€

**CUARTO**.- Notificar o presente acordo a adxudicataria de cada lote, con indicación de que contra o mesmo caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 10(226).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E A DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES. EXPTE. 12530/224

Visto o informe xurídico do 20/03/2026 e o informe de fiscalización do 24/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/03/2026, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 42 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, acordou adxudicar á entidade Xermolo Dinamización Sociocultural, SL, CIF B27762681, o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (expte. 12530-224) por un prezo total do contrato de 72.600,00 euros (IVE incluído) sendo a contía de IVE de 12.600,00 euros.

O Concello de Vigo (a través da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal) e a entidade adxudicataria (a través do seu representante) asinaron o contrato o día 25 de marzo de 2024.

A cláusula 4ª do contrato establece que "O contrato comezará o 1 de abril de 2024 e terá unha duración de dous anos. Contémplase unha prórroga dun ano de duración".

O vindeiro 31 de marzo finaliza, pois, o período de vixencia de 2 anos establecido no contrato.

O apartado 3 da cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares establece que "este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses".

Polo tanto, como o 31 de marzo de 2026 finaliza o período contractual e que está prevista unha prórroga de 1 ano de duración, este servizo xestor solicitou á adxudicataria que manifestase a súa conformidade ou non coa prórroga do contrato.

O 3 de marzo de 2026, Xermolo Dinamización Sociocultural, SL presentou, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, un escrito, documento núm. 260051044, no que manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato, que comprenderá o período do 1 de abril de 2026 ao 31 de marzo de 2027 (ambos incluídos).

Este órgano xestor informa de que a xestión por parte da adxudicataria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación da prórroga anual do contrato.

A teor do exposto, cómpre propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación da prórroga do contrato de 1 ano de duración, que comprenderá o período do 1 de abril de 2026 ao 31 de marzo de 2027 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos pola prestación dos servizos contratados durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 36.300,00 euros (IVE incluído). O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279910 *Dinamización Casa das Mulleres* do orzamento vixente e do futuro exercicio 2027 do Servizo de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 43 de 130
2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2026 = 26.400,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279910 *Dinamización Casa das Mulleres* e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.
- Período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2027 = 9.900,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria *2311 2279910 Dinamización Casa das Mulleres* do orzamento futuro para o exercicio 2027 do Servizo de Igualdade.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte **acordo**:

"**1º**.- Aprobar unha prórroga de 1 ano de duración do contrato de servizos de xestión e dinamización da Casa das Mulleres (expte. 12530-224), que abrangue do 1 de abril de 2026 ao 31 de marzo de 2027, ambos incluídos, coa entidade Xermolo Dinamización Sociocultural, SL, CIF B27762681, actual adxudicataria do contrato por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2024.

**2º**.- Aprobar o gasto de 36.300,00 euros para facer fronte aos pagos do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito:

- O importe de 26.400,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279910 *Dinamización Casa das Mulleres* e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.
- O importe de 9.900,00 euros con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2027 na aplicación orzamentaria 2311 2279910 *Dinamización Casa das Mulleres* do orzamento do Servizo de Igualdade do futuro exercicio 2027.

**3º**.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicalo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público conforme o establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e publicalo no perfil de contratante do Concello de Vigo."

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(227).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E A DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS. EXPTE. 12531/224**

Visto o informe xurídico do 20/03/2026 e o informe de fiscalización do 24/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/03/2026, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 44 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de marzo de 2024, acordou adxudicar á entidade Xermolo Dinamización Sociocultural, SL, CIF B27762681, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas (expte. 12531-224) por un prezo total do contrato de 63.957,50 euros (IVE incluído) sendo a contía de IVE de 11.100,06 euros.

A entidade adxudicataria (a través do seu representante) e o Concello de Vigo (a través da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal) asinaron o contrato os días 18 e 19 de marzo de 2024, respectivamente.

A cláusula 4ª do contrato establece que "O contrato comezará o 1 de abril de 2024 e terá unha duración de dous anos. Contémplase unha prórroga dun ano de duración".

O vindeiro 31 de marzo finaliza, pois, o período de vixencia de 2 anos establecido no contrato.

O apartado 3 da cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares establece que "Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses".

Polo tanto, como o 31 de marzo de 2026 finaliza o período contractual e que está prevista unha prórroga de 1 ano de duración, este servizo xestor solicitou á adxudicataria que manifestase a súa conformidade ou non coa prórroga do contrato.

O 3 de marzo de 2026, Xermolo Dinamización Sociocultural, SL presentou, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, un escrito, documento núm. 260051049, no que manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato, que comprenderá o período do 1 de abril de 2026 ao 31 de marzo de 2027 (ambos incluídos).

Este órgano xestor informa de que a xestión por parte da adxudicataria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación da prórroga anual do contrato.

A teor do exposto, cómpre propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación da prórroga do contrato de 1 ano de duración, que comprenderá o período do 1 de abril de 2026 ao 31 de marzo de 2027 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos pola prestación dos servizos contratados durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 31.978,75 euros (IVE incluído). O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* do orzamento vixente e do futuro exercicio 2027 do Servizo de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 45 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2026 = 23.257,28 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.
- Período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2027 = 8.721,47 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* do orzamento futuro para o exercicio 2027 do Servizo de Igualdade.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte **acordo**:

"**1º**.- Aprobar unha prórroga de 1 ano de duración do contrato de servizos de xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas (expte. 12531-224), que abrangue do 1 de abril de 2026 ao 31 de marzo de 2027, ambos incluídos, coa entidade Xermolo Dinamización Sociocultural, SL, CIF B27762681, actual adxudicataria do contrato por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de marzo de 2024.

**2º**.- Aprobar o gasto de 31.978,75 euros para facer fronte aos pagos do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito:

- O importe de 23.257,28 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.
- O importe de 8.721,47 euros con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2027 na aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* do orzamento do Servizo de Igualdade do futuro exercicio 2027.

**3º**.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicalo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público conforme o establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e publicalo no perfil de contratante do Concello de Vigo."

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 46 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**12(228).- DOAZÓN DO CONXUNTO DE MOBILIARIO E OBXECTOS DECORATIVOS "HERVADA YÁÑEZ". EXPTE. 7944/337**

Visto o informe xurídico do 13/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/03/2026, asinado polo Director do Museo de Castrelos e polo xefe do Servizo de Museos e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, que di o seguinte:

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Conforme á Lei 7/21 de 17 de febreiro de museos e outros centros museísticos de Galicia, Título I, artigo 3. a., é función dos museos "**A adquisición**, conservación, documentación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións e dos seus fondos."

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en virtude do decreto da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño do 2024 polo que se establece a estrutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027 e o decreto da alcaldía do 28 de xuño de 2024 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das Area de Goberno e concelleiros delegados, ten entre as súas competencias en materia de museos:

"1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais (...)

2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión (...)

**7.—Aprobación de programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos..), como acordos de préstamo temporal de elementos das mesmas."**

En data 19 de xaneiro de 2026 Joaquín Hervada Yáñez con DNI ***972**V presenta escrito dirixido ó Concelleiro delegado de Cultura realizando oferta de doazón dun conxunto de mobles e obxectos decorativos procedentes da casa Yáñez. Acompaña o escrito do seu dni, un anexo con imaxes dos obxectos en doazón e unha declaración asinada na que manifesta que os bens son da súa enteira e lexítima propiedade e están libres de cargas, gravames, litixios ou calquera outra circunstancia que poidese afectar á propiedade dos mesmos.

O Museo Municipal "Quiñones de León" xestiona na actualidade unha valiosa colección de artes decorativas, formada por mobiliario e obxectos diversos, dirixida principalmente ó ornato e ambientación das estancias do pazo de Castrelos.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 47 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv



Casa Yáñez de Vigo, proxectada polo arquitecto francés Michel Pacewicz
no ano 1900 na Praza de Compostela

A colección ofertada en doazón ten especial interese por proceder da Casa Yáñez de Vigo, obra senlleira do arquitecto Pacewicz de primeiros do século XX. Acomodase polo tanto ó período histórico que se recrea no pazo de Castrelos.

Visto o cal, con data 18.02.26 a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu incoar expediente para valoración por parte do museo municipal do interese histórico artístico deste conxunto de mobiliario e artes decorativas ofertado por Joaquín Hervada Yáñez.

**<u>I. Descrición das pezas ofertadas en doazón</u>**

**<u>1. Conxunto de dormitorio (fichas 1 a 3).</u>**

Conxunto de cama (pés e cabeceira) coas súas dúas mesas de noite realizado nun estilo historicista neogótico que cadra perfectamente co estilo da casa Yáñez na que se ubica. Particularmente na cabeceira destaca o espléndido traballo de torneado, que sobresae na parte central como unha galería rematada cunha fina crestería e un frontón partido do que sobresae un florón de rostro humano. É unha auténtica obra de arte da ebanistaría de autor descoñecido.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

Atopase nun magnífico estado de conversación.

Valor do conxunto: 3.000 €.

**2. Aparador (ficha 4)**

O mesmo estilo neogótico que define a casa Yáñez atopámolo neste impoñente aparador de madeira de castiñeiro rematado nunha cresterÍa definitoria do estilo xunto cos arcos apuntados da vitrina e os cegos das portas baixas; e os pináculos.

Atopase nun magnífico estado de conversación.

Valor: 1.500 €.

**3. Lavamans (ficha 5)alcalde**

Tratase dun moble con lavabo co depósito de auga integrado. Este tipo de mobles empregáronse ata ben entrado o século XX para facilitar o lavado de mans cando non existía auga corrente nas casas. Enchíase o depósito con auga que unha vez usada vertía nun cubo que se agochaba na parte inferior do moble. Ten unha fronte de mármore branco onde sobresaen as dúas billas douradas.

Atopase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 1.000 €

**4. Gran moble tocador con espello de corpo enteiro (ficha 6)**

Tratase dun moble formado por tres corpos. O central ocúpao un espello enteiro sobre base tapizada en capitoné. Os dous corpos laterais máis baixos actúan como mobles accesorios, un de catro caixóns, outro combina armario e caixón. Pese as dimensións é un moble que resulta lixeiro polas súas liñas curvas e sinuosas, desde as patas en cabriolé, de gusto caracteristicamente francés.

Atopase nun magnífico esta100do de conservación.

Valor: 1.500 €

**5. Moble recibidor (ficha 7)**

Moble de estilo historicista para recibidor formado por unha estrutura lixeira con consola central de mármore e espello decorado a cada lado cun azulexo. O motivo da cuncha repítese no taboleiro principal da cornisa e na parte central sobre a consola. Está franqueado por un paraugueiro a cada lado.

Atopase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 1.500 €

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**6. Gran cadeira (ficha 8)**

Cadeira señorial con respaldo e asento de mimbre. A gran armazón do respaldo, que lembra, pola súa forma ás orientais tipo “pavo real”, resulta impresionante polo seu delicado traballo de  calado nunha exuberancia decorativa que se estende por todo do moble, brazos, pes... completamente gravado.

Atopase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 1.500 €

**7. Cadeira-randeeira (ficha 9)**

Espléndido exemplo de randeeira que polas súas liñas curvas e dinámicas lévanos ao estilo *Thonet*. Michael Thonet (1796 -1871) foi un artesán de orixe alemá, pioneiro no deseño de mobles creados de forma industrial e creador das técnicas do curvado de madeira ás que lle deu o nome de estilo *thonet*. O respaldo está gravado cun motivo vexetal.

Atopase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 1.500 €

**8. Lámpada de sobremesa (ficha 10)**

Lampada de sobremesa con xerro de bronce fundido que imita un ánfora de estilo clasicista con asas en forma de grifo alado; e unha tulipa de fino cristal decorado. Está elaborada con gran detalle e rica ornamentación.

Atopase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 500 €

**9. Expositor de repostaría ou froita (ficha 11)**

Expositor de pé, de xenerosas medidas, feito en bronce con tres bandexas: a inferior e principal un plato de cerámica decorada; as dúas seguintes enteiramente de metal caladas cunha orla vexetal. Moi lixeira para favorecer a súa portabilidade .

Atopase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 500 €

**10. Lámpada de teito (ficha 12)**

Lámpada moi delicada polo excelente traballo co cristal, translúcido ambarino na cinta central, que tamiza a luz; as bolas redondas de cristal; e cinco tulipas, catro que levan a luz cara ó teito, e unha central máis grande que a proxecta cara abaixo.

Atopase nun magnífico estado de conservación.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO  10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión:  10/04/2026 09:14 | Páxina 50 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Valor: 1.500 €

**11. Lampada de araña de estilo francés (ficha 13)**

Lámpada de teito de bronce con dez brazos en forma de candelabro, cinco no corpo inferior máis grande, e cinco no superior máis pequenos. Colga de cadea ao teito.

Atopase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 1.000 €

**12. Lampada de araña de estilo holandés (ficha 14)**

Lámpada de teito de bronce do que pende unha esfera de metal con dous corpos de seis brazos cada un. Colga dun corpo central do teito.

Atopase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 1.000 €

**13. Reloxo de parede (ficha 15)**

Reloxo realizado en madeira tallada con profusión de elementos decorativos de carácter cinexético: lebre, faisán e xabarín. Sabemos da afección á caza dos antigos propietarios da casa Yáñez a quen pertencía este reloxo típico da Selva Negra alemá. Orixinalmente con péndulo de bronce que non se conserva.

Atópase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 500 €

**14. Astas de alce (ficha 16)**

A afección pola caza dos propietarios vese nos numerosos trofeos de caza que posúe actualmente a familia que ofrece estas astas en doazón. Interesan dado que no Pazo de Castrelos, na biblioteca do Marqués de Alcedo, tamén gran afeccionado da caza, existía unha cabeza de alce que pódese evocar coa presentación desta impoñente cornamenta.

Atópase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 500 €

**15. Retrato de Teofilo Llorente (ficha 17)**

Teófilo Llorente Diraychin, nado en Vigo o 4 de novembro de 1827 e finado na mesma cidade o 27 de outubro de 1905 foi un nobre, enxeñeiro e militar galego. Tras a súa morte dooulle todo o seu capital ao Concello de Vigo para que se destinase aos máis necesitados.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

Un ano despois da súa morte, en 1906, outorgóuselle o seu nome á que outrora fora a rúa de Santo Antón en Vigo, que pasou a denominarse rúa Teófilo Llorente en agradecemento pola súa achega.

A incorporación deste retrato do antepasado do doante, Teófilo Llorente, á colección do museo municipal amplía a súa galería de personaxes históricos de Vigo; uníndose en xusto recoñecemento ó que se fai doutros filántropos ilustres como Policarpo Sanz, José García Barbón ou Tomás Alonso.

Atópase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 1.000 €

**14. Lámpada con mesita (ficha 18)**

Pendente dun estudio detallado, a presencia do bulbo principal podería remitir ó depósito dunha lámpada de aceite, posteriormente reconvertida á electrificación; ou a unha moderna imitación desta.

Atópase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 500 €

**15. Lámpada de teito (ficha 19)**

Sinxela lámpada de teito de bronce en forma de candelabro con catro brazos e cinco tulipas de cristal en forma de florón.

Atópase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 500 €

**16. Lámpada de teito de cristal (ficha 20)**

Lámpada de teito modernista de efecto moi decorativo por estar feita practicamente na súa totalidade en cristal: dúas coroas de lágrimas ou tubos, con remate en floróns ou campaíñas, cun suxestivo veo superior que cubre o conxunto.

Atópase nun magnífico estado de conservación.

Valor: 1.500 €

**17. Parella de froiteiros de alabastro (ficha 21)**

Pendentes dun estudio detallado tratase de dous froiteiros de alabastro, datables no primeiro terzo do século XIX. Están decorados con bacelos no perímetro e o pé con golfiños.

Ver: https://www.alcalasubastas.es/en/lot/88-1451-1451/1363-5461-pareja-de-fruteros-de-alabastro-primer-tercio-del-s-xix

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

Atópanse nun magnífico estado de conservación.

Valor: 1.500 € (a parella).

**18. Conjunto de obxectos de toucador. (ficha 22)**

Conxunto de dous tarros do século XIX ou primeiros do XX coa súas tapas propios de uso para toucador.

Atópanse nun magnífico estado de conservación.

Valor: 300 € (a parella).

**19. Retrato fotográfico da esposa de Teófilo Llorente. (ficha 23)**

Un obxecto de indudable interese histórico para o concello de Vigo é este retrato miniatura da esposa de Teófilo Llorente. Datable a mediados do século XIX está feita en ambrotipo sobre colodión húmido e vai co seu estuche

Atópase en bo estado de conservación.

Valor: 1.000 €

**20. Libro "Curso de inglés" (ficha 24)**

Podería tratarse do libro "Gramática inglesa" de González Cobos, publicado por Sucesores de Rivadeneyra, en varios momentos do século XX. Está reencadernado coa inicial "Y" que podería corresponder ó apelido Yáñez.

Atópase en bo estado de conservación

Valor: 100 €

**21. Album con fotografías (Ficha 25)**

Tratase dun dos elementos máis interesantes da oferta porque no seu interior atopamos 14 fotografías inéditas do Vigo de finais do XIX, primeiros do século XX. Traballos agrícolas, asteleiros, porto, transporte, etc... convenientemente estudadas as imaxes darán información de gran interese para o estudo deste momento da cidade.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv





Atópase en bo estado de conservación

Valor: 1.000 €

**22. Revista "La Ilustración española y americana". Tomos 1 a 3 . 1883. (Ficha 26)**

"La Ilustración Española y Americana" revista quincenal fundada en 1869 por Abelardo de Carlos, foi sen dúbida a publicación máis importante da segunda metade do século XIX en España.

Atópase en bo estado de conservación

Valor: 100 €

**II. Interese histórico-artístico das obras ofertadas**

Polo exposto na descrición feita no apartado interior, o interese histórico artístico do conxunto ofertado está sobradamente xustificado.

Pola súa procedencia, a Casa Yáñez, un dos edificios máis notables de primeiros do século XX en Vigo; pola calidade artística especialmente de mobles e lámpadas; polo interese histórico por exemplo, do álbum de fotografías, ou do retrato de Teófilo Llorente, tan vinculado á cidade de Vigo; queda manifestamente exposta a conveniencia de aceptar integramente a doazón do conxunto Hervada Yáñez.

**III. Valoración económica do conxunto ofertado e outras consideracións**

O valor económico do conxunto é de vinte catro mil cincocentos (24.500) euros, resultado da suma dos valor estimado para cada obxecto.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

Todas as obras presenta magnifico ou bo estado de conservación.

Visto todo o cal coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos; Concelleiro Delegado de Cultura; Concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA.-**

"Aceptar a doazón do conxunto de mobiliario e obxectos decorativos "Hervada Yáñez"; ofertado por Joaquín Hervada Yáñez con DNI ***972**V; para o seu ingreso na colección do museo municipal "Quiñones de León"; procedendo á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e á modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(229).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBGRUPO C2, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022, 2ª FASE. EXPTE. 48385/220**

Visto o informe de fiscalización de data 18/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/03/2026, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2020, 2021, 2022 (2ª fase da convocatoria (BOPPO 13 de setembro de 2024, núm. 179) incluía tres (3) prazas de auxiliar administración xeral reservadas para a quenda de promoción interna.

II.- Segundo consta no expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo referido acordou

*«Propoñer o nomeamento como funcionarias de carreira con cargo ás tres (3) prazas vacantes de AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (PROMOCIÓN INTERNA), enmarcadas no Grupo C de titulación; Subgrupo C2; Escala de Admón. xeral; Subescala auxiliar, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2020-2021-2022 (2ª Fase) do Concello de Vigo, ás seguintes aspirantes que superaron todas as probas previstas neste proceso selectivo e obtiveron as cualificacións máis altas:*

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| APELIDOS | NOME | DNI | PUNT. TOTAL |
|---|---|---|---|
| SEGUIN FERNANDEZ | NURIA | ***2892** | 36,970 |
| ALONSO SOUTO | YOVANA | ***8097** | 34,533 |
| CID RODRIGUEZ | MMELETINA | ***4579** | 33,417 |

...”

II.- Consta dilixencia da tramitación realizada, segundo a cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

III.- Revisados os datos na aplicación de Ginpix7, salvo erro ou omisión, constan en data actual as seguintes vacantes (non ocupadas interinamente nin vinculadas a procesos de estabilización) do posto 138- AUXILIAR:

| codi_ofi1 | desc_ofi1 |
|---|---|
| 108 | DESN.LOCAL E EMPREGO |
| 111 | ASESORIA XURIDICA |
| 140 | INTERVENCION XERAL |
| 200 | REXIME INTERIOR |
| 211 | OF.ADMVA.POLICIA LOCAL |
| 215 | MEDIO AMBIENTE |
| 215 | MEDIO AMBIENTE |
| 220 | AREA RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN |
| 303 | CEMITERIOS |
| 301 | BENESTAR SOCIAL |
| 331 | IGUALDADE |
| 442 | TALLER VÍAS E OBRAS |
| 443 | SERVIZO DE SUPERVISIÓN DE PROXECTOS E ASISTENCIA TECNICA MUNICIPAL |
| 540 | N RECADACIÓN VOLUNTARIA |

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

**I.- Normativa de aplicación.-** Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

• O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

• O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que*: "......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público*



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 57 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*(…......) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.**

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

*“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:*

*a) Superación del proceso selectivo.*

*b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*

*c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*

*d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*

*2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”* -A promoción interna é unha das manifestacións do dereito á carreira profesional dos empregados públicos recoñecido no artigo 14 c) do citado TREBEP, e desenvolvida nos artigos 16 e seguintes do mesmo texto legal.

O artigo 18 dispón que a promoción interna realizarase mediante os procesos selectivos que garanten o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no 55.2 do mesmo Estatuto. Igualmente, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula a carreira profesional e a promoción interna do persoal funcionario no Capítulo II do seu Título VI.

Os prazos establecidos para a toma de posesión contémplase expresamente nas bases xerais reitoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 58 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Emprego Público 2020, 2021, 2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionarios/as de carreira, (3) tres auxiliares administrativos, con cargo ás prazas vacantes, enmarcada no grupo C, subgrupo C2; Escala administración Xeral, Subescala auxiliar; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 – 2021 - 2022, fase 2ª de Concello de Vigo, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe:

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|
| SEGUIN FERNANDEZ N. | ***2892** |
| ALONSO SOUTO, Y | ***8097** |
| CID RODRIGUEZ, M. | ***4579** |

**III.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instruccións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

**IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

**V. - Órgano municipal competente:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excma. Alcaldía de 26/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.-**Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás (3) tres prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, 2ª fase (BOPPO 13 de septiembre de 2024, núm. 179) de auxiliar administración xeral, quenda promoción interna, enmarcadas no Grupo C de titulación, Subgrupo C2; Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar; a:

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|
| SEGUIN FERNANDEZ N. | ***2892** |
| ALONSO SOUTO, Y | ***8097** |
| CID RODRIGUEZ, M. | ***4579** |

**SEGUNDO.-** Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarias de carreira nas devanditas prazas no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos oportunos.

**CUARTO.-** Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(230).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 48364/220**

Visto o informe de fiscalización de data 23/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/03/2026, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 60 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**ANTECEDENTES**

**I.-** Consta no expediente solicitude da área da xefatura do servizo de Estatística conformada polas concellerías delegada e de área competentes, e declaración responsable.

**II.-** En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista da solicitude, e informe, así como das necesidades expostas que obran no expediente, procedeu a ordenar a incoación do expediente e a tramitación de nomeamento interino con cargo a vacante.

**III.-** Consta dilixencia de data 18/03/2026, que inclúe candidatas/os en condicións de ser nomeadas/os por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos.

**IV.-** Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 18/03/2026, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino por acumulación de tarefas de 4 Auxiliares administrativos no servizo de Estatística. (art. 10.1.a) do TREBEP) e de non superar o límite porcentual fixado no art. 2.3 da Lei 20/2021.

**V.-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Normativa de aplicación:**

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  “1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustixa de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

> "FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

> "......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (….......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa *"**el exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**"* (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 62 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

"los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera."

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha.** Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e períodicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de auxiliar (138) por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 63 de 130 |
| --- | --- | --- |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

**V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo a dilixencia de data 18/03/2026, consta que:

*"De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:*

***Auxiliar, acumulación tarefas, Estatística: M. FERNÁNDEZ BOADO con DNI ***5111*****

***Auxiliar, acumulación tarefas, Estatística: I. DA SILVA DE CARBALHO con DNI ***7741*****

***Auxiliar, acumulación tarefas, Estatística: M. C. PRIETO ESTÉVEZ con DNI ***6644*****

***Auxiliar, acumulación tarefas, Estatística: C. BERSANINO MARTÍNEZ con DNI ***6266*****

*De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia".*

Os/as aspirantes interesados/as e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

**VI. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente en data 18/03/2026:

*"O custo para **4** AUXILIARES ADMÓN. XERAL no servizo Estatística, por un período máximo de 9 meses, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2026:*

| *S.Base C2* | *CD 16* | *CE 159* | *Pagas extra xuño - dec.* | *S. social empr.* | *Total/ 4postos* |
|---|---|---|---|---|---|
| *26.984,88 €* | *15.758,28 €* | *28.675,08 €* | *10.544,05 €* | *26.047,62 €* | *108.009,91 €* |

*..."*
Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

**VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**VIII.- COMPETENCIA**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025.

**PROPOSTA DE ACORDO**

**"PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 4 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 4 auxiliares de administración xeral
- Modalidade legal: funcionaria/o interina/o por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

- Destino: Servizo de Estatística.
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente de data 18/03/2026

O custo para 4 AUXILIARES ADMÓN. XERAL no servizo Estatística, por un período máximo de 9 meses, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte :

| S.Base C2 | CD 16 | CE 159 | Pagas extra xuño - dec. | S. social empr. | Total/ 4postos |
|---|---|---|---|---|---|
| 26.984,88 € | 15.758,28 € | 28.675,08 € | 10.544,05 € | 26.047,62 € | **108.009,91 €** |

Todo elo, consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como auxiliares de administración xeral:

- M. FERNÁNDEZ BOADO con DNI ***5111**
- I. DA SILVA DE CARBALHO con DNI ***7741**
- M. C. PRIETO ESTÉVEZ con DNI ***6644**
- C. BERSANINO MARTÍNEZ con DNI ***6266**

Todo elo, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica,

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 66 de 130
2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo as/os aspirantes nomeadas/os, á xefatura de Estatística, Concellería delegada de Atención á Cidadanía, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**<u>ACORDO</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(231).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA EN PROCESO SELECTIVO DE PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL CONTIDAS NA 2ª FASE DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. Expte. 46488/220**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/03/2026, asinado polo presidente e a secretaria do órgano de selección do referido proceso selectivo.

En sesión celebrada o 6 de marzo de 2026, polo órgano de selección correspondente ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL** (14 quenda libre) da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, acordouse formular a seguinte PROPOSTA á Xunta de Gobeno Local:

***ANTECEDENTES:***
***Primeiro.**- O Organo de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes ás prazas de AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (14 quenda libre, catro reservadas persoas con diversidade funcional) contidas na 2ª fase da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, en sesión celebrada o 5.02.2026 acordou o seguinte:*

***A)** Fixar as seguintes **NOTAS DE CORTE** para o primeiro exercicio (tipo TEST):*

*- <u>Quenda libre (14 prazas):</u> Establecese a nota de corte na que obteña o aspirante que acade o **posto número 40** por orde de puntuación, así como todos aqueles que obteñan a mesma puntuación, tendo en conta que para superar o exercicio é necesario obter un mínimo de cinco puntos.*
*- <u>Quenda libre diversidade funcional (4 prazas):</u> Establecese a nota de corte na que obteña o aspirante que acade o **posto número 10** por orde de puntuación, así como todos aqueles*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 67 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*que obteñan a mesma puntuación, tendo en conta que para superar o exercicio é necesario obter un mínimo de cinco puntos.*
*Acordo publicado na paxina web do concello de Vigo o 6 de febreiro do 2026.*

***Segundo.-** Con data de entrada no rexistro xeral do 9 de febreiro do 2026, interpusose por Maria Jose Vazquez Mosquera, Recurso Alzada contra dito acordo polo que se fixou a nota de corte para o primeiro exercicio tipo test da oposicon, solicitando se declare nulo , permitindo o acceso ó seguinte exercico a todos os aspirantes que haian obtido unha puntuación mínima de 5 puntos conforma as bases da convocatoria.*
*A recurrente, manifesta que as Bases Especificas (BOPPO 13/9/2024) vinculan tanto a administración como os tribunais e aspirantes, establecendo taxativamente que o exercicio se calificará de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un 5 para superalo, polo que a introducción dun "numerus clausus" (solo os 40 mejores), vulnera dita base e constitue un vicio de anulabilidade; descoñecendose o criterio polo que fixouse o número de aspirantes que pasa a seguinte fase; e sendo o establecemento da nota de corte, unha medida desproporcionada, que rompe a expectativa lexitima dos aspirantes, que superaron o exercicio, de poder continuar co proceso, por unha decision discreccional do tribunal.*

***CONSIDERACIONS XURÍDICAS.***

***Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024 acordou aprobar as novas Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024).*

*Segun dispoñese na Base xeral Décima.- SISTEMAS DE SELECCIÓN, no apartado -Disposicións aplicables a ambos sistemas.*

*Os exames tipo test, deberán elaborarse inmediatamente antes, seguindo o proceso que se indica a continuación, proceso que deberá quedar recollido no acta redactada polo Secretario/a do tribunal:(..)*
*• Tendo en conta o número dos aspirantes presentados, o órgano de selección poderá establecer unha nota de corte, que será comunicada aos opositores antes do inicio da proba, e será publicada na web municipal www.vigo.org.*

***Segundo.-** A teor do previsto na Base Decima das Xerais, o órgano de selección adoptou o acordo de establecemento da nota de corte para o primeiro exercicio tipo test da oposición, carecendo polo tanto de fundamento o manifestado pola recurrente consonte o seu establecemento supusiera unha vulneración das bases rectoras da oposicion para auxiliar de administración xeral. O tribunal con ello, neste caso, exerceu unha facultade prevista nas bases xerais que rixen dito proceso selectivo da oposicion e, para sua adopción, atendeu as circunstancias concurrintes no mesmo, como o número de solicitudes presentadas (mais de 700) e as prazas ofertadas neste turno libre son 14 (catro delas reservadas para diversidad funcional).*

*A fixación da norte corte realizouse, polo tanto, tendo en conta tanto o previsto nas bases xerais como nas especificas aprobadas para a proceso selectivo de auxiliar de administración xeral, sendo adoptada respecto o 1º exercicio da oposición, con caracter previo a sua*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 68 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*realización e cos demais requisitos exisidos de publicidade e nota mínima, ó sinalarse no acordo, tendo en conta que para superar o exercicio é necesario obter un mínimo de cinco puntos.*

*Por todo ello procede desestimar o recurso de alzada o carcer fundamento algun o alegado pola recurrente, xa que o acordo adoptado (nota de corte), axustouse o previsto nas Bases Xerais e Especificas polas que se rixe o proceso selectivo das prazas de auxiliar de administración xeral (OEP dos anos 2020, 2021 e 2022), atopandose debidamente xustificado e motivado, sen que supoña vulneración algunha dos principios de igualdade, mérito e capacidade que rixe dito proceso selectivo.*

*Conseguintemente,o órgano de selección propoñe a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

*Desestimar o recurso de alzada interposto por Maria Jose Vazquez Mosquera, en data 9/02/2026, contra o acordo do organo de selección do 5/02/2025 polo que se fixou a nota de corte para o primeiro exercicio (tipo test )da oposicion de Auxiliar de Administración Xeral, ó axustarse seu establecemento ao disposto nas Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024) aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 26 de xullo de 2024."*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(232).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO". Expte. 2517/441**

Visto o informe xurídico do 12/03/2026 e o informe de fiscalización do 17/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/03/2026, asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos de Deportes e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1.-** O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 17.07.2024 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil Interurban SAU.

**2.-** A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Jose Aya Vidal.

**3.-** Previo informe da enxeñeira de camiños, canais e portos e da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal dos días 17 e 18.11.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado os días 24, 25 e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 69 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

26..11.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 05.12.2025 aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Roberto Jose Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA E UN MIL NOVECENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (591.977,67 €), e con sinatura dixital do día 14.11.2025. (Expte. 6740-443).

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 05.12.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6740-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Roberto Jose Aya Vidal.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 09.12.2025.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 09.12.2025.

D) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 10 e 11.12.2025.

E) Certificado de retención de crédito por importe de 591.977,67 € asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 11.12.2025.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 23.12.2025.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 23.12.2025.

H) Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 23.12.2025.

I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 05.01.2026.

J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 05.01.2026.

K) Certificado de retención de crédito RCMC 12026000011782 por importe de 591.977,67 €, crédito procedente da incorporación de remanentes.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 70 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 12.03.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento 2025 e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), asi como informe xeral asinado o día 19.12.2025 pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria sobre a viabilidade de incorporación destes créditos ao exercicio 2026, e a súa posterior incorporación ao orzamento vixente mediante a emisión do documento contable RCMC 12026000011782.

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Jose Aya Vidal

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 05.01.2026.

**Terceiro.-**Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS NOVENTA E UN MIL NOVECENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (591.977,67 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 102.739,93 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.0045 – proxecto de gasto 25153245 (Humanización Rúa Tomiño), crédito provinte da incorporación de remanentes.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(233).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS". EXPTE. 2493/441**
Visto o informe xurídico do 10/03/2026 e o informe de fiscalización do 17/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/02/2026, asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto básico e de execución para o "MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS", de data febreiro de 2025, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.

2.- O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 27.03.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o mesmo día resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

3.- O día 23.06.2025 remítese ao Servizo Provincial de Costas declaración responsable para a execución do devandito proxecto. O Servizo Provincial de Costas emite informe o día 30.06.2025 indicando o seguinte:
"(...)
*Dicha declaración responsable sólo puede amparar obras de reparación, mejora, consolidación y modernización, por motivos de seguridad, siempre que no impliquen aumento de volumen, altura ni superficie de las construcciones existentes.*

*En cuanto a las actuaciones de ejecución de muro de cierre de hormigón armado con zapata excéntrica a disponer sobre escollera existente y colectores de saneamiento (considerándose que dichas actuaciones no son actuaciones de mejora o reparación de las instalaciones ya existentes), así como para la ejecución de cualquier otra nueva actuación que no se pueda considerar como reparación, mejora o consolidación de lo existente, se requerirá la tramitación del preceptivo título administrativo por parte del órgano Competente, en virtud de lo establecido en el Real Decreto 394/2025, de 13 de mayo, de traspaso de funciones y servicios de la Administración del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de ordenación y gestión del litoral.*"



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 72 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

4.- Polos arquitectos municipais remítese novamente o proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €), asinado dixitalmente o día 22.09.2025, acompañado dunha declaración responsable indicando o seguinte:

*“Pola presente informamos que o Proxecto Básico e de Execución para o Mantemento e Mellora das Condicións do Campo de Fútbol de Samil para garantir a seguridade e integridade dos seus usuarios” asinado dixitalmente o 22.09.2025, cumpre as condicións esixidas polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico no informe asinado con data 30.06.2025.*

*En concreto, no proxecto modificouse o sistema de cimentación do muro de peche do recinto no linde co río Lagares e suprimiuse a execución de substitución do colector de saneamento que pasa baixo o terreo de xogo con saída ó río Lagares, modificacións solicitadas polo Ministerio.”*

5.- Previo informe da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal do día 20.10.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución con data da última sinatura o día 24.10.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 31.10.2025 aprobou o proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €), e con data da sinatura dixital 22 de setembro de 2025. Expte. 6685-443.

6**.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 31.10.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6685-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.
B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo de Deportes e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 12.11.2025.
C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 12.11.2025.
D) Declaración de neutralidade dos redactores do proxecto asinada o día 24.09.2025.
E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 17.11.2025.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

F) Certificados de crédito, RC 12025000155211 e RCFUT 12025000155212 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 19.11.2025.

G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 26.11.2025.

H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 24.02.2026.

I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 25.02.2026.

J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 25.02.2026.

K) Certificado de crédito RCMC 12026000011832 por importe de 250.000 €, crédito procedente da incorporación de remanentes e certificado de crédito RC 12026000013311 por importe de 340.334,88 €.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 20.10.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Q**uinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de“MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodriguez- Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 25.02.2026.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 102.454,81 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, aplicación orzamentaria 3420.6320013 (SUBSTITUCIÓN TERREO XOGO E ILUMINACIÓN C.F SAMIL) e proxecto de gasto 26342013, crédito procedente da incorporación de remanentes (250.000,00 €) e o crédito restante do orzamento vixente (340.334,88 €).

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(234).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA, CASTRELOS”. EXPTE. 2516/441**
Visto o informe xurídico do 16/03/2026 e o informe de fiscalización do 23/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/02/2026, asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos de Deportes e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 75 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1**.- Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto básico e de execución para a "RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA - CASTRELOS", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.

**2.-** O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 21.10.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 22.10.2025 resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

**3.-** Previo informe da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal dos días 10 e 24.11.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado os días 25 e 26.11.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 05.12.2025 aprobou o proxecto básico e de execución para a "RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA - CASTRELOS" redactado polos arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo David Carvajal Rodriguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS TRINTA E SEIS MIL CORENTA E CATRO EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (336.044,31 €), asinado dixitalmente o día 07.11.2025. Expte. 6846-443.

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 05.12.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6846-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo David Carvajal Rodriguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.
B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 09.12.2025.
C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 09.12.2025.
D) Declaración de neutralidade dos redactores do proxecto asinada o día 07.11.2025.
E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 10 e 11.12.2025.
F) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 11.12.2025.
G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 22.12.2025.
H) Certificado de crédito RCMC 12026000011897 por importe de 336.044,31 €, crédito procedente da incorporación de remanentes.

I) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor do día 24.02.2026.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 76 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

J) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 25.02.2026.
K) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 25.02.2026.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de datas 10 e 24.11.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), asi como informe xeral asinado o día 19.12.2025 pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria sobre a viabilidade de incorporación destes créditos ao exercicio 2026, e a súa posterior incorporación ao orzamento vixente mediante a emisión do documento contable RCMC 12026000011897.

Q**uinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 77 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución para a "RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA - CASTRELOS" redactado polos arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 25.02.2026.

**Terceiro.-**Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS TRINTA E SEIS MIL CORENTA E CATRO EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (336.044,31 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 58.321,74 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420/6320044 – proxecto de gasto 25342044 (Cambio de herba campo F. Monte da Mina), crédito provinte da incorporación de remanentes, segundo a distribución de anualidades proposta.

| | |
|---|---|
| 2026 | 336.044,31 € |

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 19(235).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UE INDUSTRIAL II-04 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE 5331/401

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo de data 17/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/03/2026 asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.ANTECEDENTES E FEITOS

A) Actuacións administrativas realizadas

En data 31.07.2023 o Pleno do Concello de Vigo, acordou prestar aprobación definitiva ao *Plan Especial de Reforma Interior U.E Industrial II-04 San Andrés de Comesaña (Exp.16958/411)*; Dito acordo de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 78 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

aprobación definitiva, foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 190 do 05.10. 2023, a súa normativa no BOPPO núm.243, do 20.12.2023, e figura inscrita no rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia, da sección II, do Libro I, Tomo III, Folla rexistral núm. 50, co núm. de rexistro ROTPG/P/74/2023G00064/2020, polo que ten acadado plena eficacia e vixencia .

En data 31.01.2025 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, acordou aprobar con carácter definitivo *«Proxecto de compensación da UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña»,* documento redactado polos arquitectos P.D.L.P.C e A.O.L, e os avogados F.J. G.M e D.RD, en data abril de 2024, formulado e inicialmente aprobado en data 29 de abril de 2024, pola Asemblea xeral extraordinaria da súa Xunta de Compensación -segundo certificacións asinadas dixitalmente en data 06.05.2024 polo seu Secretario co visto e prace do seu Presidente- para a execución xurídica e desenvolvemento da ordenación detallada prevista no PERI da UE-IND II-04 Santo André de Comesaña (Exp. 5330/401).

Neste estado da tramitación, con data 10.05.2025 (Doc. Núm. 240139877) a Xunta de compensación insire no rexistro electrónico desta XMU documentación técnica consistente no *"Proxecto de Urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña",* solicitando a súa tramitación e aprobación.

Con data 23.08.2025 (Doc. Núm. 240251347) a mercantil "Global Fitness Sport, Sociedade de Responsabilidade limitada" presenta no rexistro electrónico desta XMU a seguinte documentación: Informe de viabilidade da Axencia Galega de Infraestruturas- Servizo provincial de Pontevedra, relativo a entrada en saída dende a rúa Ricardo Mella tramo lateral da transversal que une con camiño Caramuxo.

B) Resultado do trámite de avaliación de impacto ambiental

En data 15.10.2024 a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico desta XMU emite informe técnico, no que conclúe que , *"(...)segundo o artigo 7.2.a) de dita lei, aos proxectos incluídos no Anexo II serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada. O proxecto de urbanización deberá someterse a avaliación de impacto ambiental antes da súa adopción o aprobación. O promotor presentará unha solicitude de inicio da avaliación do impacto ambiental simplificada, acompañada do documento ambiental, co contido sinalado no artigo 45, da citada lei (..).*

O referido informe foi trasladado á entidade promotora mediante oficio do Xerente de urbanismo de data 15.10.2024, e que consta recibido por sede electrónica na mesma data.

En resposta ao anterior, e trala achega de varias entregas da documentación técnica para o seu sometemento ao trámite de avaliación de impacto ambiental, dando resposta e subsanando o recollido en previos informes técnicos municipais, finalmente en data 28.05.2025 a entidade promotora presenta no rexistro electrónico desta XMU (código Web: W1307163-7176; Doc. Número 250123528) escrito de solicitude de inicio de avaliación de impacto ambiental simplificada, ao que xunta un enlace para a descarga do documento ambiental.

En data 19.06.2025 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, ditou Resolución pola que se dispuxo, *"(...)Remitir ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia,- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade- a Solicitude de inicio da avaliación ambiental simplificada do «Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña», ao que se xunta o Documento ambiental e a documentación esixida pola lexislación sectorial, redactada pola empresa "AMBIOTEC® Medio Ambiente y Arqueología", que conta con sinatura dixital válida de data 28.05.2025.*

Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU, no exercicio debido das labores de control estatutariamente conferidas (art. 10.3)

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

En cumprimento do resolto, mediante oficio da Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, de data 26.06.2025 (Not. Núm. 8313-2025) déuselle traslada a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático-Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade- da antedita resolución de solicitude de inicio de avaliación ambiental simplificada do «Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña», ao que se xunta o Documento ambiental e a documentación esixida pola lexislación sectorial, redactada pola empresa "AMBIOTEC® Medio Ambiente y Arqueología", que conta con sinatura dixital válida de data 28.05.2025.

En data 29.10.2025 (Doc. Núm. 250300396) tivo entrada no rexistro electrónico da XMU, oficio da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se da traslado da Resolución ditada en data 28.10.2025 polo Subdirector xeral de Avaliación Ambiental e pola Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade , pola que se formula o informe de impacto ambiental do «Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña», no termo municipal de Vigo (Pontevedra), promovido por Global Fitness Sport, SL (Clave: 2025/0122), concluíndo que, sempre que se cumpra, ademais do recollido no documento ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado e programa de vixilancia ambiental que figuran ao longo de dita resolución, non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Na dita Resolución figura a relación de organismos consultados en relación ao documento ambiental, e o resume das respostas recibidas por parte dos seguintes organismos consultados:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, sinala que nos seus arquivos non constan bens do patrimonio cultural nas parcelas nas que se vai actuar, nin no seu entorno próximo e que no visor do Instituto de Estudos no Territorio tampouco se aprecian bens culturais.

Informa que non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras e establecen unha medida preventiva que se recolle no condicionado deste IIA.

- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, e consideran correctas as medidas protectoras e correctoras contempladas no documento ambiental, todo iso sen prexuízo dunha condición relativa ao ámbito das actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e que se recolle no condicionado deste IIA.

- En relación coas servidumes aeronáuticas, a totalidade do ámbito de actuación atópase afectada polas determinacións relativas ás servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo, que a Dirección Xeral de Aviación Civil emitiu informe favorable e que o documento ambiental inclúe as cuestións informadas pola dita dirección xeral.

- O Instituto de Estudos do Territorio sinala que xa emitira informes sobre o sobre o Plan Especial de Reforma Interior da UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña, no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada. Neles concluíase que o plan, logo de incorporar un estudo de paisaxe urbana e de modificar a ordenación para mellorar a integración paisaxística cara ás zonas residenciais, non provocaría un impacto paisaxístico significativo

Indican que o proxecto de urbanización suporá unha transformación da paisaxe que se corresponde cun desenvolvemento previsto no planeamento urbanístico que resulta respectuoso coa paisaxe da contorna. Consideran adecuadas as medidas que adopta o proxecto para evitar ou mitigar os impactos.

Sinalan que o proxecto adopta a totalidade das medidas preventivas e correctoras avaliadas no informe do IET do 14.11.2022 para o PERI deste sector, polo que non se formula ningunha obxección para a súa aprobación.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

C) Do proxecto de urbanización

Trala achega pola mercantil promotora de varias entregas de documentación técnica correspondente ao proxecto de urbanización da U.E. Industrial II-04 San Andrés de Comesaña, emendando e/ou subsanando o requirido en senllos informes técnicos municipais, finalmente en data 09.03.2026 (Doc. Núm. 260057589; Cod. Sol.: W1444845-9060) tivo entrada no rexistro electrónico da Xerencia, impreso de solicitude subscrito polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo e/r da promotora “Global Fitness Sport”, con CIF B70327131, ao que xunta documentación técnica consistente no «Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo (colexiado núm. 1901 do COAG) en data febreiro de 2026 da que se propón, neste intre, a súa aprobación inicial.

Remitido o expediente ao enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas da XMU, en data 11.03.2026 emite informe técnico favorable a actuación proposta, do seguinte teor literal:

*“(..) El 09/03/26, El Arquitecto Pedro de la Puente Crespo en representación de la entidad GLOBAL FITNESS SPORT presenta el documento n.º 260057589, que incluye el proyecto de urbanización de la UE IND II-04 San Andrés de Comesaña. Cabe mencionar que presentaron otras versiones anteriores del proyecto que fueron informadas anteriormente con deficiencias en su contenido.*

*A los efectos fiscales que corresponda, el presupuesto de ejecución material asciende a la cantidad de 1,197.524,19 € y un presupuesto de ejecución por contrata (IVA incluido) de 1.724.315,07 €.*

*El ámbito de esta actuación es de 28.676 m² y se encuadra entre las av de Ricardo Mella (de titularidad autonómica), vial transversal a Ricardo Mella, de titularidad municipal y Caramuxo, también municipal, para la comunicación interna de las parcelas generadas se ejecuta una glorieta de la que parten dos viales a 90 grados, uno conecta con Caramuxo y otro con vial transversal a Ricardo Mella. No se plantea comunicación ni accesos desde el vial autonómico.*

*La superficie total a urbanizar (ámbito mas ampliaciones) es de 29.305 m².*

*Tanto el PERI como el proyecto de compensación prevén 4 parcelas, la mas grande con uso terciario y las otras tres de uso Industrial.*

*Además de los 2 nuevos viales, incluidos en el ámbito de la urbanización del área a ordenar se incluyen 3 ampliaciones a los viales existentes.*

*A todos los viales se les dotará de todos los servicios urbanísticos necesarios, estableciendo en base a los mismos, las áreas laterales de protección así como el establecimiento de los aparcamientos necesarios.*

*Como ya se puso de manifiesto en los anteriores informes de infraestructuras del PERI y del proyecto de urbanización, así como el informe de a empresa concesionaria (que consta en el expediente.) para poder absorber los caudales efluentes del ámbito, se hace necesaria la renovación de los colectores de evacuación de aguas pluviales y fecales de esa zona del camino Caramuxo, que en su mayoría discurren por una servidumbre (n.º 25 del camino Caramuxo).*

*Para resolver esta circunstancia, se ha incluido en el proyecto un capítulo específico (n.º 13) de “Renovación de colectores”en el que se diseña y valora la renovación de los colectores existentes, aumentando su capacidad hidráulica y dándoles definitivamente la característica de Rede Separativa. Este capítulo contempla también, en cumplimiento de los criterios de Aguas de Galicia para la entrega de*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| | |
|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 · Páxina 81 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*aguas pluviales a un cauce, de un tratamiento previo consistente en una cámara subterránea de desarenado y separación de grasas.*

*Después de haber revisado el documento se concluye que este proyecto define de una manera correcta las obras necesarias para la transformación de este suelo a suelo urbano consolidado, de manera compatible con el planeamiento de desarrollo y la gestión del ámbito.*

*La urbanización contempla todos los servicios habituales: red de saneamiento de fecales, de pluviales, abastecimiento, riego, alumbrado público, gas, energía eléctrica, telecomunicaciones y mobiliario urbano.*

*El proyecto cumple con las vigentes normas urbanísticas del plan general vigente y las específicas del PERI y con la Ley 10/2014, de 3 de diciembre de accesibilidad, con lo establecido por la Orden TMA/851/2021 del Ministerio de Vivienda, en la que se desarrollan el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados. con la ordenanza municipal de alumbrado público y la ordenanza municipal de Montes, Parques y Jardines.*

*Conforme al Artículo 7 Ámbito de aplicación de la evaluación de impacto ambiental de la Ley 21/2013 de 9 diciembre, de evaluación ambiental: No será necesario la evaluación de impacto ambiental ordinaria o simplificada al no encontrarse el objeto del presente "Proyecto de urbanización del ámbito UE-IND II-04" entre los proyectos comprendidos en los anexos I y II de la mencionada Ley.*

*Una vez que este proyecto sea aprobado definitivamente deberá seguir las prescripciones contenidas en la instrucción 1/2015 por la que se modifica la instrucción 2/2012 y se aprueba el protocolo de actuación para el seguimiento y recepción de las obras de urbanización del Concello de Vigo, (BOPPO n.º 223 del miércoles, 18 de noviembre de 2015).*

*El acuerdo de aprobación inicial, así como el periodo de exposición pública, se notificará a los departamentos municipales de Vias y Obras (Aqualia), Electromecánicos, seguridad y movilidad y limpieza, también a las empresas Telefónica y demás operadores de telefonía, Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Gas Galicia, así como a los propietarios de los terrenos incluidos en el ámbito del proyecto(..)".*

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

II.I. Normativa Básica aplicable

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local,
- O vixente PXOM 2025 do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, na que se aprobou definitivamente o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 82 de 130
2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

aprobación definitiva' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 (Exp. 15313/411);

- Plan Especial de Reforma Interior U.E Industrial II-04 San Andrés de Comesaña, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 31.07.2023. Dito acordo de aprobación definitiva, foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 190 do 5 de outubro de 2023, a súa normativa no BOPPO núm.243, do 20.12.2023
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- O resto de disposicións xerais, e normativa sectorial que poidan afectar, e resulten de aplicación

II.II. Natureza, ámbito e características do proxecto de urbanización

A natureza e obxecto do presente proxecto de urbanización, é detallar e programar, coa precisión necesaria para a súa execución material, as obras de urbanización precisas para o desenvolvemento do Plan Especial de Reforma Interior U.E Industrial II-04 San Andrés de Comesaña (Exp.16958/411).

As intervencións previstas inclúen, definición da explanación e pavimentación viaria, execución de firmes e pavimentos, rede de abastecemento, rede de saneamento e drenaxe, rede eléctrica, rede de alumeado, rede de telecomunicacións, rede de gas natural, rede de rego e xardinería, sinalización e mobiliario urbano.

Dentro do ámbito non existen infraestruturas, pero ao estar dentro do tramado urbano de Vigo está vinculado aos sistemas existentes no exterior das parcelas que o conforman. A afección sobre estas infraestruturas e servizos urbanos é mínima, limitándose á conexión dos novos viarios coas ditas infraestruturas e á ampliación dos sistemas viarios lindeiros.

A comunicación co resto da cidade realízase conectando as novas vías da urbanización coa Avenida Ricardo Mella (PO-325) e co Camiño do Caramuxo.

As obras para o desenvolvemento construtivo de cada unha das parcelas enmárcanse no PERI aprobado, onde se concretan as características construtivas e a normativa de uso e desenvolvemento de cada parcela. O uso previsto para as ditas parcelas é comercial e industrial

O ámbito delimitado da UE-IND II-04 conta cunha superficie total de 28.676 $m^2$ e situase entre a confluencia da Avenida de Ricardo Mella e o camiño de Caramuxo, en Navia, dentro do polígono industrial Caramuxo e ao Sur do polígono residencial de Navia.

O ámbito no que se proxecta a urbanización se corresponde coa Área de Planeamento Incorporada- API-605 Plan Especial UE.II.O4 Santo André de Comesaña do vixente PXOM/2025 do Concello de Vigo.

II.III. Dos proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 83 de 130 |
| --- | --- | --- |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro de obra civil da XMU en informe emitido en data 11.03.2026.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas da XMU en data 11.03.2026 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informe que se incorpora ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

II.IV. Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Proxecto de compensación, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG e artigo 221 do RLSG.

II.V. Resultado do trámite de avaliación de impacto ambiental

Do xeito e co resultado que se indicou nos previos antecedentes de feitos, en data data 29.10.2025 (Doc. Núm. 250300396) tivo entrada no rexistro electrónico da XMU, oficio da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se da traslado da Resolución ditada en data 28.10.2025 polo



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 84 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental e pola Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade , pola que se formula o informe de impacto ambiental do «Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña», no termo municipal de Vigo (Pontevedra), promovido por Global Fitness Sport, SL (Clave: 2025/0122), concluíndo *que, sempre que se cumpra, ademais do recollido no documento ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado e programa de vixilancia ambiental que figuran ao longo de dita resolución, non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.*

II.VI. Formulación e Tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

II.VII. Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar ulteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdicional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

II.VIII. Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informes técnico de data 11.03.2026 que se incorpora á presente proposta e que lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 85 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

**ACORDO**:

**PRIMEIRO**.: Prestar aprobación, con carácter inicial ao «Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña», no termo municipal de Vigo (Pontevedra), promovido pola mercantil “Global Fitness Sport, SL”, con CIF B74.327.131, instrumento urbanístico conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo en data 09.03.2026 (Doc. Núm.260057589) actualizada e refundida, elaborada polo arquitecto P.D.L.P.C (Colexiado núm. 1.901 do COAG), de data febreiro de 2026.

**SEGUNDO**.: Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, ao preceptivo trámite de información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se inserirá no “Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, e nun dos xornais de maior difusión da provincia, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no ámbito e nos sistemas xerais afectos.

**TERCEIRO**.: Notificar o presente acordo aos departamentos municipais de Vías e Obras (Aqualia), Electromecánicos, seguridade e mobilidade, e limpeza ,así como as empresas subministradoras Telefónica e demais operadores de telefonía, Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Gas Galicia.

**CUARTO**.: Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, os informes sectoriais que resulten preceptivos, en atención ás características do ámbito.

**QUINTO**.: O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo, na seguinte ruta https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_infra.php?lang=gal

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Contratación por procedemento aberto do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo. Expte. 19840/101

.- Convenio de asociación con entidade colaboradora da Seguridade Social nas continxencias profesionais por accidentes de traballo e enfermidade profesional do persoal ao servizo do Concello de Vigo e da Xerencia de Urbanismo. Expte. 47676/220



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 86 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

.- Prórroga do contrato do servizo de formación en materia de seguridade e saúde do persoal do Concello de Vigo. Expte. 1383/2202

.- Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na celebración da Semana Santa de Vigo. Expte. 2388/150

.- Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, do Concello de Vigo – curso 2026/2027. Expte. 291529/301

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**20(236).- CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE AGASALLOS E PLACAS CONMEMORATIVAS PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19840/101**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 24/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/03/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta do Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*"1º.- Adxudicar a EUROCEBRIAN, S.L. o Lote 1 do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 5.940,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.030,95 euros.*
b) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 1 é do 29,5 %.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 87 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*2º.- Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL o Lote 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) coas seguintes condicións:*

1. *O prezo total do contrato é de 2.608,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 452,76 euros.*
2. *A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 2 é do 1 %.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Segundo.-** O contrato para o LOTE 1 formalizouse 12 ptcoa mercantil *EUROCEBRIAN, S.L.* en documento administrativo asinado pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 17 de abril de 2024. Na Cláusula cuarta do citado contrato consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio da primeira prórroga do LOTE 1 o día 18 de abril de 2025 e o remate o día 17 de abril do dia 2026.

**Terceiro.-** O contrato para o LOTE 2 formalizouse con CARLOS FERNÁNDEZ POL en documento administrativo asinado pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 8 de abril de 2024. Na Cláusula cuarta do citado contrato consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio da primeira prórroga do LOTE 2 o día 9 de abril de 2025 e o remate o día 8 de abril do dia 2026.

**Cuarto**.- Estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

**Quinto.-** En data 21 de marzo de 2025, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2025, acordou:

1.- Aprobar a primeira prórroga do LOTE 1 e LOTE 2 do "contrato da prestación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)" polos períodos que se detallan a continuación:

**- LOTE 1** adxudicado a EUROCEBRIAN, S.L. dente o día 18 de abril de 2025 ao 17 de abril do dia 2026, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactorio e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**- LOTE 2** adxudicado a CARLOS FERNÁNDEZ POL dende o día 9 de abril de 2025 ata o 8 de abril do dia 2026, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactorio e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

.../

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

**Sexto.-** En data 19 de febreiro de 2026, comunícase a EUROCEBRIAN. S.L. a finalización do prazo da primeira prórroga do contrato o día 17 de abril de 2026; e mais o aviso previo do inicio da segunda prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, dende 18 de abril de 2026 e o 17 de abril de 2027, ambos os dous incluídos. En data 25 de febreiro de 2026, a adxudicataria EUROCEBRIAN. S.L. comunica a través do Rexistro Electrónico (documento 260046298) a aceptación da segunda prórroga do LOTE 1 do contrato.

**Sétimo.-** En data 19 de febreiro de 2026, comunícase a CARLOS FERNÁNDEZ POL a data finalización do prazo da primeira prórroga do LOTE 2 do contrato o día 8 de abril de 2026 e mais o aviso previo do inicio da segunda prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, dende 9 de abril de 2026 e 8 de abril de 2027, ambos os dous incluídos. En data 23 de febreiro de 2026 a adxudicataria CARLOS FERNÁNDEZ POL comunica a través do Rexistro Electrónico (documento 260041473) a sua aceptación da segunda prórroga do LOTE 2 do contrato.

**Oito.**- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

## PROPOSTA

Polo exposto, considérase conveniente polos que subscriben,

**Primeiro.-** Aprobar a segunda prórroga do LOTE 1 e LOTE 2 do "contrato da prestación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)" polos períodos que se detallan a continuación:

**- LOTE 1** adxudicado a EUROCEBRIAN, S.L., dente o día 18 de abril de 2026 ao 17 de abril do dia 2027, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 89 de 130 |
| --- | --- | --- |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

satisfactorio e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**- LOTE 2** adxudicado a CARLOS FERNÁNDEZ POL, dende o día 9 de abril de 2026 ata o 8 de abril do dia 2027, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactorio e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Segundo.-** Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) dos orzamentos da Alcaldía ou a sua bolsa de vinculación os seguintes importes totais para cada LOTE:

- LOTE 1: Segunda prórroga: do 18 de abril de 2026 ata o 17 de abril de 2027 por un importe total de 5.940,24 € sendo o importe de IVE de 1.030,95 €.

- LOTE 2: Primeira prórroga: do 9 de abril de 2026 ao 8 de abril de 2027 por un importe total de 2.608,80 sendo o importe de IVE 452,76 €.

**Terceiro.-** O gasto que representa a primeira prórroga no exercicio económico do ano **2026**, para cada LOTE é o seguinte:

| Aplicación orzamentaria | LOTE | ADXUDICATARIO | Base € | IVE € | Importe total **ANO 2026** |
|---|---|---|---|---|---|
| 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) | 1 | EUROCEBRIAN, S.L. | 2.454,74 | 515,50 | 2.970,24 |
| 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) | 2 | CARLOS FERNÁNDEZ POL | | 407,49 € | 2.347,94 € |

O gasto que representa a segunda prórroga no exercicio económico do ano **2027**, para cada LOTE é o seguinte:

| Aplicación orzamentaria | LOTE | ADXUDICATARIO | Base € | IVE € | Importe total **ANO 2027** |
|---|---|---|---|---|---|
| 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) | 1 | EUROCEBRIAN, S.L. | 2.454,55 | 515,45 | 2.970,00 |
| 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) | 2 | CARLOS FERNÁNDEZ POL | 215,59 | 45,27 € | 260,86 € |

**Terceiro.-** Adoptado o acordo, deberá de notificarse ás empresas EUROCEBRIAN, S.L. adxudicataria do lote 1,; e a empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL adxudicataria do lote 2, indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 90 de 130
2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(237).- CONVENIO DE ASOCIACIÓN CON ENTIDADE COLABORADORA DA SEGURIDADE SOCIAL NAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS POR ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADE PROFESIONAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO E DA XERENCIA DE URBANISMO. EXPTE. 47676-220**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 10/03/2026 e o informe de fiscalización de data 24/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/03/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (disposición adicional decimoterceira)



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 91 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Real Decreto 1993/1995 de 7 de decembro, polo que se aproba o regulamento sobre colaboración das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En orde de incoación de expediente de data 24/10/2025 dispúxose o seguinte:
*"Ao abeiro do disposto nos artigos 4, 6 e 26 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, e no artigo 73.2 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos, emítese o presente informe xustificativo da necesidade e idoneidade de formalización de convenio de asociación (contrato privado) e correspondente orde de inicio do expediente administrativo para a formalización de convenio de asociación con entidade colaboradora da Seguridade Social nas continxencias profesionais por accidentes de traballo e enfermidade profesional do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Consta suscrito convenio de asociación (contrato privado) entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de FREMAP MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS DA SEGURIDADE SOCIAL Nº 61 para a cobertura das continxencias profesionais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais para todo o persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/01/2018 (expediente administrativo nº 29.766-220)*

*Consta igualmente documento asinado electrónicamente o 21/11//2018, solicitando a rescisión cobertura da prestación por incapacidade laboral temporal derivada de continxencias comúns por parte da Mutua respecto do persoal do Concello de Vigo e da totalidade dos centros de traballo.*

*O procedemento de contratación pública para a formalización do* ***convenio de asociación*** *indicado foi obxecto de distintos recursos en vía administrativa e xurisdiccional, interpostos por sindicato do Concello de Vigo, e no marco dos que foron ditadas as sentenzas seguintes:*

***-Sentenza nº 58/2019, do 27 de febreiro, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c-a (p.a.) 135/2018*** *(demandante: D. D. P. G en representación de sindicato independiente del Concello de Vigo) e desestimatoria total da pretensión impugnatoria do acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de setembro do 2017 que aprobou el prego de cláusulas administrativas particulares, no concreto particular que se refiere a la previsión contenida en los apartados 6 y 7 de la cláusula 27, por virtud de los cuales se faculta a 2 la mutua seleccionada para llevar a cabo la hospitalización de los empleados municipales en los centros hospitalarios o asistenciales de que disponga la Mutua; do acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xaneiro de 2018, de selección de mutua colaboradora da seguridade social do persoal ao servzo do Concello de Vigo; e a suscripción do convenio de asociación entre o Concello de Vigo e FREMAP MUTUA. Dita sentenza declara a actuación municipal axustada ao ordenamento xurídico.*

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

-***Sentenza nº 334/2019, do 11 de decembro, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación 7124/2019*** *(apelante: sindicato independiente del Concello de Vigo) que desestima o recurso interposto e confirma íntegramente a sentenza de instancia apelada.*

*O Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social establece no artigo 80, apartado 1 que "son mutuas colaboradoras con la Seguridad Social las asociaciones privadas de empresarios constituidas mediante autorización del Ministerio de Empleo y Seguridad Social e inscripción en el registro especial dependiente de este, que tienen por finalidad colaborar en la gestión de la Seguridad Social, bajo la dirección y tutela del mismo, sin ánimo de lucro y asumiendo sus asociados responsabilidad mancomunada en los supuestos y con el alcance establecidos en esta ley. Las mutuas colaboradoras con la Seguridad Social, una vez constituidas, adquieren personalidad jurídica y capacidad de obrar para el cumplimiento de sus fines. El ámbito de actuación de las mismas se extiende a todo el territorio del Estado"*

*Nos seus apartados 2 a 4 o mesmo precepto sinala que "las mutuas colaboradoras con la Seguridad Social tienen por objeto el desarrollo, mediante la colaboración con el Ministerio de Empleo y Seguridad Social, de las siguientes actividades de la Seguridad Social:*
*a) La gestión de las prestaciones económicas y de la asistencia sanitaria, incluida la rehabilitación, comprendidas en la protección de las contingencias de accidentes de trabajo y enfermedades profesionales de la Seguridad Social, así como de las actividades de prevención de las mismas contingencias que dispensa la acción protectora.*
*b) La gestión de la prestación económica por incapacidad temporal derivada de contingencias comunes.*
*c) La gestión de las prestaciones por riesgo durante el embarazo y riesgo durante la lactancia natural.*
*d) La gestión de las prestaciones económicas por cese en la actividad de los trabajadores por cuenta propia, en los términos establecidos en el título V.*
*e) La gestión de la prestación por cuidado de menores afectados por cáncer u otra enfermedad grave.*
*f) Las demás actividades de la Seguridad Social que les sean atribuidas legalmente.*
*3. La colaboración de las mutuas en la gestión de la Seguridad Social no podrá servir de fundamento a operaciones de lucro mercantil ni comprenderá actividades de captación de empresas asociadas o de trabajadores adheridos. Tampoco podrá dar lugar a la concesión de beneficios de ninguna clase a favor de los empresarios asociados, ni a la sustitución de estos en las obligaciones que les correspondan por su condición de empresarios.*
*4. Las mutuas colaboradoras con la Seguridad Social forman parte del sector público estatal de carácter administrativo, de conformidad con la naturaleza pública de sus funciones y de los recursos económicos que gestionan, sin perjuicio de la naturaleza privada de la entidad."*
*A finalidade institucional que se pretende é dar cumprimento á normativa existente en materia de xestión das continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional recollidas no citado artigo, entendéndose necesaria a formalización do convenio de asociación obxecto do presente expediente, que ten por obxecto a contratación dunha mutua colaboradora coa Seguridade Social para a prestación ao Concello de Vigo das coberturas seguintes:*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 93 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- *continxencias derivadas de accidentes de traballo (AT) e enfermidades profesionais (EP) (prestacións por invalidez, morte e supervivencia)*
- *prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns (ITCC).*
- *prestación das actividades de prevención das mesmas continxencias que dispensa a acción protectora.*

*Abrangue este contrato:*

*a) ao persoal municipal do Concello de Vigo:*

- *persoal funcionario de carreira, interino ou eventual;*
- *cargos públicos da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial que coticen á Seguridade Social,*
- *persoal laboral e contratado a través de convenios;*
- *traballos temporais de colaboración social ou promoción de iniciativas locais de emprego;*
- *Escolas Obradoiro; Casas de Oficios e supostos semellantes.*

*b) ao igual que no convenio existente, ao persoal do organismo autónomo municipal "Xerencia Municipal de Urbanismo", sen prexuízo de que a xestión se realice a través de dito organismo.*

*Co convenio que se propón se pretende garantir, principalmente e sen menoscabo das obrigas propias do Concello de Vigo, unha máis rápida atención ao persoal municipal no caso de que sufran algún accidente de traballo ou enfermidade profesional. O recurso a unha entidade colaboradora da Seguridade Social permite ao persoal municipal beneficiaranse dun servizo de rehabilitación con listas de espera máis curtas, que se traducen nunha máis rápida recuperación da saúde; ao Concello de Vigo lle permite contar con asesoramento especializado en materia de prevención de riscos laborais, dado que a entidade colaboradora elaborará de informes de sinistralidade e de absentismo laboral que poden axudar a un maior coñecemento das súas causas, efectuando o seguemento das situacións de incapacidade temporal derivada de continxencias común na forma e termos que correspondan.*

*Cómpre deixar constancia que as Mutuas colaboradoras de accidentes de traballo e enfermidade profesional teñen a condición de* ***asociacións de empresarios sen ánimo de lucro*** *que colaboran con sistema de Seguridade Social na xestión de importantes prestacións do sistema , como son as continxencias profesionais ou a incapacidade temporal e a colaboración na prevención de riscos laborais e na mellora das condicións de traballo e saúde nas empresas, entre outras funcións..*

*Ao seren xestoras de recursos e servizos públicos, a súa dirección e tutela corresponde á Administración do Estado, e non ás Entidades Locais.*

***O convenio proposto non conleva gasto algún para a Facenda Local do Concello de Vigo,*** *tendo, por tanto, carácter non oneroso para a Administración Municipal.*

*No relativo á natureza xurídica do convenio que se propón, efectúase unha remisión ao informe emitido pola Asesoría Xurídica en data de sinatura electrónica 01/09/2017*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 94 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*(expediente nº 29.766-220) na tramitación do convenio de asociación existente; informe no cal se indica, entre outros aspectos, o seguinte:*

*"**I.** En primeiro lugar hai que sinalar os problemas que plantexa a delimitación deste tipo de negocios xurídicos. A especial natureza das Mutuas, en relación ás tipoloxías contractuais recollidas no TRLCSP RDL 3/2011 -e normas anteriores- motivou unha disparidade de criterios en orde á determinación do seu encaixe. Tal e como sinala a Xefa de Contratación no seu informe, o anterior procedemento tramitouse como un contrato administrativo especial, por mor do exame levado a cabo entón. Considerouse esta fórmula como a máis garantista por suxeitarse aos principios e procedementos da Lei de contratos con maior claridade. Existen aínda a día de hoxe AAPP que continúan a considerar este tipo de negocios xurídicos como un contrato administrativo especial, e mesmo un contrato de servizos.*

***II.** Sen embargo, a progresiva emisión de informes por parte dos órganos consultivos competentes en materia de contratación, coincidente entre os mesmos no extremo que maior relevancia presenta (natureza de convenio definido legalmente e suxeición ás normas da LCSP), determina que o criterio deste Concello con respecto á súa natureza deba axustarse tamén á dun convenio de asociación.*

*Dende o punto de vista da normativa especial nesta materia (entre outros R.D. 1993/1995), a relación xurídica entre empresarios e entidades colaboradoras se define como un convenio de asociación (art. 62 deste Decreto en relación co 83.1 a) do RDL 8/2015).*

*A maior problemática xurídica que presentaba non consideralo un contrato era o cumprimento da LCSP, por canto de consideralo un convenio no senso no que se definen estes e se regulaban na Lei 30/1992, tan só se aplicaría da LCSP os seus principios no caso de baleiros ou dúbidas (art. 4.2) A normativa en materia de Seguridade Social tampouco desenvolve o procedemento para formalizar o convenio, e só se remite a modelos de convenio dispoñibles e a uns contidos mínimos.*

*Como se está a indicar, as resolucións dos órganos consultivos son xa claras dabondo como para considerar que o Concello (e por extensión calquera Administración Pública) debe aplicar cando sexa posible as normas da LCSP para a selección da Mutua, pero que o negocio xurídico debe ser un convenio de asociación.*

*Ademáis disto, este tipo de entidades contan con outras peculiaridades como atoparse incluídas dentro do Sector Público (suxeitas parcialmente á LCSP), carecer de ánimo de lucro, e unha regulación propia, allea ao tráfico mercantil común. A imperatividade desta normativa específica, para o caso de non levar a cabo a xestión do obxecto do convenio directamente por parte do Concello, implica a suxeición plena á mesma, resultando ademáis compatible co respecto aos principios de publicidade, transparencia, igualdade, non discriminación, e concorrencia.*

*Resulta a día de hoxe a opción máis empregada polas distintas AAPP que recurren aos servizos dunha Mutua, e comprobable nos perfís do contratante o recurso ao convenio de asociación, previa selección conforme ao RDL 3/2011.*

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

*Este criterio, recollido nos diferentes informes citados pola Xefa de Contratación no seu informe do 9 de agosto do 2017, o adiantaba especialmente o do órgano consultivo da Comunidade de Madrid, quen non obstante recoñecía que non era pacífica a súa consideración. Desta resolución interesa especialmente o que logo se convertiu na motivación para a escolla do convenio de asociación fronte a outras tipoloxías:*

*"Dado que la regulación específica no prevé la preparación y adjudicación de estos negocios jurídicos debe acudirse a los principios de publicidad y concurrencia y en todo caso de igualdad y no discriminación que informan, en sentido amplio, la actuación contractual de la Administración Pública, considerándose oportuno remitirse, en lo que resulte aplicable, por analogía a las normas sobre actuaciones preparatorias, publicidad, procedimientos y formas de adjudicación recogidas para los contratos de consultoría y asistencia y de servicios en los capítulos II y III del título IV del libro II de la LCAP, siendo compatible con lo dispuesto en el artículo 3.2 de la LCAP."*

*No expediente do contrato existente, a Intervención Xeral Municipal sinalou que "Por este carácter non oneroso, o informe 8/2009 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Canarias conclúe que o proceso de selección dunha Mutua, "non está suxeito ás normas de preparación e adxudicación dos contratos regulados na LCSP", aínda que recomenda que a selección se realice garantindo o cumprimento dos principios de publicidade e transparencia e de non discriminación e igualdade de trato" (informe de fiscalización previa e preceptiva do expediente 29.766-220, de data de sinatura electrónica 18/09/2017)*

*En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e D. Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolución da Alcaldía e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019, respectivamente, elévase á Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**:*

*"Iniciar o expediente administrativo para a formalización de **CONVENIO DE ASOCIACIÓN CON ENTIDADE COLABORADORA DA SEGURIDADE SOCIAL NAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS POR ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADE PROFESIONAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DO VIGO"***

**Segundo.-** Consta realizado trámite de audiencia aos órganos de representación do persoal do Concello de Vigo (Xunta de Persoal e Comité de Empresa, respectivamente) en data 30/10/2025 (trámites 15 e 16 do expediente) respecto do prego de prescripcións técnicas inicialmente elaborado, recibíndose as aportacións dos mesmos, informadas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais en data 26/11/2025 (trámites 29 e 30 do expediente)

**Cuarto.-** Enviado o expediente á Área de Contratación e Novos Proxectos, e requerida a subsanación de concretas cuestións en dilixencia contida en trámite 24 do expediente, emítense novamente o prego de prescripcións técnicas (trámite 33 do expediente, data de sinatura electrónica 11/02/2026) e a memoria xustificativa (trámite 34 do expediente, data de sinatura electrónica 11/02/2026)

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

**Quinto.-** En data 13/02/2026 a Xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos emite informe favorable, xuntamente coas bases rectoras da selección de mutua no convenio de asociación proposto (trámites 37 e 38 do expediente)

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- A natureza xurídica dos convenios de colaboración coas Mutuas de AT e AP foi definida pola **Sentenza nº 58/2019, do 27 de febreiro, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c-a (p.a.) 135/2018 -**na cal foi parte demandada o Concello de Vigo e que ten o carácter de firme, tendo sido declarada a actuación municipal axustada a Dereito- sinala no seu fundamento xurídico terceiro que "e*l contrato analizado* ***no tiene naturaleza administrativa*, *sino que se trata de un mero convenio de colaboración.* *No es oneroso, no genera gastos para la Administración*,** *porque es la Tesorería General de la Seguridad Social la que recauda para la Mutua las primas 14 que el Concello ingresa en aquélla en concepto de cotización por contingencias derivadas de accidentes de trabajo y enfermedades profesionales. Además, la Mutua no puede obtener ninguna retribución por las prestaciones complementarias de las que constituyen el objeto principal que incorpore a su oferta. Ello no obstante, no impide a la Administración que, en aras de los principios de publicidad, concurrencia, igualdad y no discriminación que informan la actividad contractual de las Administraciones Públicas, se acuda a un procedimiento abierto con el fin de seleccionar una Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales de la Seguridad Social y la posterior suscripción de un Convenio de Asociación, una vez seleccionada, para el Concello de Vigo.*

*En aplicación del artículo 4 y 6 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, se excluye del ámbito de la citada Ley los convenios que, con arreglo a las normas específicas que los regulan, celebre la Administración con personas físicas o jurídicas sujetas al derecho privado, siempre que su objeto no esté comprendido en el de los contratos regulados en esta Ley o en las normas administrativas especiales. De conformidad con el artículo 4 de la LCSP, se regulará dicho contrato, negocio o relación jurídica por sus normas especiales, aplicándose los principios de esta Ley para resolver las dudas y lagunas que pudieran presentarse."*

En análoga liña, o informe da Xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 13/02/2023 referenciado nos antecedentes sinala que:

*"Feitas as oportunas comprobacións, procédese a redactar as bases para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social. Dos artigos 61 e 62 do Real Decreto 1993/1995 de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre colaboración das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social,* ***dedúcese que para a xestión da protección do persoal respecto das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais é preciso asinar un convenio de asociación entre o empresario, neste caso a Administración, e a Mutua.***



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 97 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*Tese acollida pola doutrina consultiva e a dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación. Así, podemos citar entre outros, o Informe 8/20 da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de Canarias, o informe 5/2007, de 12 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade de Madrid, ou o informe 23/2009, de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Comunidad Autónoma de Aragón, que, tras estudar a natureza das prestacións obxecto de cobertura, así como a relación xurídica entre a Mutua e a Administración, conclúe que:*

> *"I. Las prestaciones, asistencias y servicios objeto de la colaboración de las Mutuas de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales, forman parte de la acción protectora de la Seguridad Social y están sujetas al régimen establecido en esa Ley y en sus normas de aplicación y desarrollo.*
>
> *II. De conformidad con lo establecido en articulo 2 LCSP dichas prestaciones no quedan incluidas en el ámbito objetivo de aplicación de la misma, pues el concierto o convenio para la protección de las contingencias de accidentes de trabajo y enfermedades profesionales del personal de la Diputación Provincial de Huesca, así como la cobertura de la prestación económica por incapacidad temporal derivada de contingencias comunes, no constituyen un contrato oneroso.*
>
> *III. El efecto estructurante de la legislación contractual en el ordenamiento jurídico público, por su carácter transversal que deriva de los principios comunitarios de igualdad, transparencia y concurrencia de los mercados públicos remite, en lo que resulte aplicable, a los principios y normas de la LCSP, y por analogía podrían aplicarse —para seleccionar la Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales con la que concertar la protección de las contingencias de accidentes de trabajo y enfermedades profesionales, así como la cobertura de la prestación económica por incapacidad temporal derivada de contingencias comunes— las normas sobre actuaciones preparatorias, publicidad, procedimientos y formas de adjudicación de los contratos de servicios del articulo 10 LCSP".*

*E seguindo esta doutrina optouse por elaborar unhas bases para a selección da Mutua coa que asinar o convenio de colaboración. O convenio de asociación a unha Mutua é un negocio ou relación xurídica excluída do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP). Con todo, no presente procedemento de selección da Mutua Colaboradora, observaranse os principios de publicidade, transparencia, non discriminación e igualdade de trato, establecidos no artigo 1. Por iso, o procedemento para a selección da Mutua rexerase polo disposto nas bases, e no non previsto nas mesmas, poderanse aplicar supletoriamente as normas previstas na lexislación contractual."*

**II.-** Contextualizada a natureza xurídica non administrativa do convenio, indícase que constan emitidos os informes do Servizo de Prevención de riscos laborais de datas de sinatura electrónica 26/11/2025 -trámites 29 e 30-; prego de especificacións técnicas de data de sinatura electrónica 11/02/2026 -trámite 31-; memoria xustificativa de data de sinatura electrónica 11/02/2026 -trámite 33-; e as bases para a selección de mutua de data de sinatura electrónica de 09/03/2026 -trámite 50-.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 98 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**III.-** No artigo 116.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) establécese que ao expediente incorporarase certificado de existencia de crédito, documento que no presente convenio estímase innecesario por non xenerar gasto ao Concello de Vigo e ser a Tesourería Xeral da Seguridad Social a entidade recadadora das cotas que procedan polas continxencias cubertas.

Non obstante, enténdese necesaria a remisión ao órgano directivo titular da función reservcada de fiscalización previa e preceptiva, aos efectos do exercicio do control interno que corresponda.

**IV.-** Resulta preceptivo o informe da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal consonte ao establecido na disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) introducida por Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

**V.-** A competencia para a aprobación do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

En consecuencia, e á vista do exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

*"**1º.**- Aprobar o expediente de actuacións administrativas para a selección dunha Mutua colaboradora da Seguridade Social para a cobertura da continxencias profesionais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais e por continxencias comúns do persoal do Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo, nos termos dos informes emitidos ao presente expediente nº 47.676-220 (informes do Servizo de Prevención de riscos laborais de datas de sinatura electrónica 26/11/2025 -trámites 29 e 30-; prego de especificacións técnicas de data de sinatura electrónica 11/02/2026 -trámite 31-; memoria xustificativa de data de sinatura electrónica 11/02/2026 -trámite 33-; bases para a selección de mutua de data de sinatura electrónica de 09/03/2026 -trámite 50-) e en cumprimento das obrigas establecidas na normativa vixente.*

***2º**.- Acordar o inicio do procedemento de selección da Mutua colaboradora na forma prevista nas bases de selección de data de sinatura dixital 09/03/2026 (trámite 50 do expediente) mediante a inserción dos correspondentes anuncios nos diarios, boletíns e sedes que normativamente corresponda."*

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 99 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**22(238).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1383-2202**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 18/03/2026 e o informe de fiscalización de data 24/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/03/2026, asinado polo técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de 10 de marzo de 2022, acordou adxudicar a ASPY PREVENCIÓN, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (expediente 1383/2202).

O contrato foi formalizado en data 07/04/2022 entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de ASPY PREVENCIÓN, S.L. para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión ordinaria de data 10 de marzo de 2022 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que “*O prazo do contrato será de un ano, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Están previstas catro prórrogas de un ano cada unha*”. No mesmo senso, o apartado 4.A das FEC “*Prazo total: 1 ano*” e apartado 4.C das FEC “*Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: 4 prórrogas de un ano de duración cada unha”*. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato foi o 07/04/2023, executándose a primeira, segunda e terceira prórroga vixente actualmente e que finaliza o vindeiro 7 de abril de 2026.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 7 de abril de 2022, e a prestación do servizo comezou ao día seguinte da súa sinatura, co que finalizou o 7 de abril de 2023. O prezo do contrato é de 30.000€ anuais e segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

Segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/03/2025, está en execución a terceira prórroga do contrato que finaliza o próximo 07/04/2026.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe esta contratación establece que “*este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre*



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 100 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses*". O preaviso ao adxudicatario foi realizado o 26/02/2026.

En consecuencia, procede efectuar a cuarta e derradeira prórroga do referido contrato, a vista do referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2022 e o prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e, informe de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral Municipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de "Plans autoprotección e avaliación, PRL" (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da Área de Recursos Humanos e Formación para o exercicio económico 2026.

Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, pola presente o funcionario que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Autorizar a cuarta e derradeira prórroga do contrato para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, formalizado en data 07 de abril de 2022 coa empresa ASPY Prevención, S.L., con CIF B98844574, para o período comprendido entre o 8 de abril de 2026 e o 7 de abril de 2027, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de marzo de 2022; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 30.000 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria "Plans autoprotección e avaliación, PRL" (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación, de acordo coas seguintes anualidades:

Ano 2026: 21.916,67 euros.
Ano 2027: 8.083,33 euros

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos".

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

**23(239).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI- VIGO NA CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA DE VIGO. EXPTE. 2388/150**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 20/03/2026 e o informe de fiscalización de data 25/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/03/2026, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro de Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependientes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En virtude das resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, modificadas en data 28/06/2024 e 09/07/2024, delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Con data 15/03/2024 asinouse convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas desenvolveranse a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento, en sesión do 12/03/2026, acordou iniciar a tramitación do convenio para financiar as actividades relacionadas coa celebración da Semana Santa 2026.

En data 27/02/2026 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 260048568, a Diocese achega a solicitude de subvención para o financiamento das actividades relacionadas coa celebración da Semana Santa 2026 e memoria de actividades a celebrar. Así mesmo, incorpóranse ao expediente certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 102 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O convenio instrumenta unha subvención que deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e coa normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No expediente, no trámite 14, anéxase a autorización da imputación do gasto por importe de 37.000,00 € (trinta e sete mil euros), á aplicación orzamentaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo Festividade Cristo e Semana Santa), asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía co conforme da concelleira de Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estos efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no apoio ás actividades vinculadas coa celebración do Semana Santa e na súa importancia dentro das programación das procesións destas datas, que contribúen á promoción cultural da nosa cidade, e ás que acoden un gran número de persoas.

A concesión da subvención directa instruméntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a aprobación da concesión desta subvención é a Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.1 g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local e Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO**.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na celebración da Semana Santa de Vigo (Anexo I)

**SEGUNDO**.-Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de **36.900 € (IVE incluído)** con cargo aos créditos orzamentarios na partida **9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo Festividade Cristo e Semana Santa) do presuposto municipal 2026.**

**TERCEIRO**.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

**CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA**

En Vigo, na data da sinatura dixital consignada á marxe

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González, concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución da Alcaldía de data 9 de xullo de 2024 (BOP nº 141 de data 19/07/2024).
Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***9825>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante “Diocese”.

E, Dª. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno Local, aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 104 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural  e para o fomento de actividades culturais.

III- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

V.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 12 de marzo de 2026 a proposta da Diocese de Tui – Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas ca celebración da Semana Santa.

VI.- As procesións de Semana Santa celébranse en Vigo desde tempos inmemoriais, tanto na zona centro da cidade como nas diferentes parroquias existentes no termo municipal , contando co apoio da cidadanía así como do Excmo. Concello de Vigo.

VII.- Que no presuposto do Concello consta a partida 912.0.480.00.00 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...)

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio especifico de colaboración con arranxo ás seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.

### SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo comprométese

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

a) Conceder directamente unha subvención por importe de 36.900 € (IVE incluído) con cargo a partida 912.0.480.00.00 (Convenio Diócesis Tui-Vigo... ) co obxecto de coadxudar ao financiamento das actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.

b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.

d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.

e) Financiamento do custe das actuacións previstas no programa presentado a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.

f) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias

g) Regular o tráfico nas rúas relacionadas co evento, carga e descarga e os accesos aos vados nas rúas peonís, información dos cortes de tráfico e saídas alternativas ao mesmo. Así como a retirada de mobiliario urbano nas rúas que recorren as distintas procesións.

h) Autorizar o uso do dominio público

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.

b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.

c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...

d) Dispoñer dun Plan de Autoprotección, se fose necesario, que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións sanitarias que deriven do mesmo e adoptar todas as medidas preventivas precisas.

e) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 22702964/0 de UMAS Mutua de Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento;

f) Xestionar os medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.

g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.

h) Publicitar as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo en todos os elementos de difusión da actividade subvencionada.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 106 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

i) Comunicar á Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios na programación, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

j) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

O presuposto total da execución dos traballos ascende a **36.900 euros (IVE incluído)**.

O Concello de Vigo contribuirá oa financiamento da actuación coa cantidade de **36.900 euros (IVE incluído )** equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo á aplicación presupostaria partida 912.0.480.00.00 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

1.- O prazo de xustificación finalizará o **15 de novembro de 2026**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a **declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.**

**Así mesmo, achegarán os xustificantes de transferencias ou ingresos realizados a través de entidades bancarias correspondentes que acrediten o pagamento de cada unha das facturas presentadas, non admitíndose a xustificación de pagos en efectivo que superen os límites establecidos na lexislación vixente.**

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluirá unha relación de todos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

• Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

• Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

• Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

• Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

• A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

• Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 108 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

**QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN**

O pagamento da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria A Banca da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa;

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

**SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN**

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

**SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

**OITAVA.- REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 109 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o importe da subvención fíxase como unha achega por importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscrición da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 110 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

1.- Acordo unánime de todos os asinantes.

2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar aparte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

**DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

En cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdicional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

**24(240).- BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2026/2027. EXPTE. 291529/301**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 09/03/2026, o informe de fiscalización de data 25/03/2026, sométese a aprobación e o informe-proposta de data 09/03/2026, asinado pola xefa de Benestar Social e o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro de Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

I.2. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 112 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

I.3. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).
11 pt
I.4. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local considera que "*non se entenderá como exercicio de novas competencias*", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

I.6. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de trinta anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese un ano máis pola Concellería de Política Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 113 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

se aproba o Regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, o PES e a demais normativa de aplicación.

I.7. O gasto representado polas axudas que se concedan pola Xunta de Goberno Local imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (*"Becas, libros, comedor"*), dotada cun crédito inicial de 1.864.488,00 €, que se distribuirá así: 135.000 € para libros e material escolar e 1.729.488,00 € para axudas de comedor.

Con todo, está prevista xa a posibilidade de incrementar eses créditos iniciais dispoñendo adicionalmente dos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, 2025/2026 (crédito non dispoñible no momento da convocatoria pero que sí se prevé obter antes da concesión das axudas) e sen necesidade dunha nova convocatoria, tal como autoriza o Art. 58 do RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.8. A L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG n.º 19, do 29.01.2021), en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que quedou redactada como segue: «*Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial*». Así as cousas, enténdese que as axudas escolares do Concello de Vigo participarían desa natureza *"asistencial"* e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de *"subvencións"* para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, ó noso xuízo, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico de referencia.

En calquera caso, dita modificación non ten por qué traducirse nun menor control sobre as axudas que se concedan, toda vez que, á marxe dos controis e xustificacións establecidos na propias Bases, o Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, deu unha nova redacción ó Art. 7.y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, reforzando a obriga das Administracións autonómicas e Entidades Locais de comunicarlle á AEAT a información sobre as axudas concedidas para atender a colectivos en risco social, mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións) e identificando estas axudas coa clave "L" e a subclave 22 (*"L22 - axudas establecidas por Comunidades Autónomas ou por entidades locais para atender, consonte a súa normativa, a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade cando eles e as persoas ó seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, que estean exentas en virtude do establecido no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da LIRPF"*).

O teor literal dese Art. 7, letra y) da LIRPF (*"Rentas exentas"*) é o seguinte:

*«Estarán exentas las siguientes rentas: (…) y) La prestación de la Seguridad Social del Ingreso Mínimo Vital, las prestaciones económicas establecidas por las Comunidades Autónomas en concepto de renta mínima de inserción para garantizar recursos económicos de subsistencia a las personas que carezcan de ellos, así como las demás ayudas*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 114 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*establecidas por estas o por entidades locales para atender, con arreglo a su normativa, a colectivos en riesgo de exclusión social, situaciones de emergencia social, necesidades habitacionales de personas sin recursos o necesidades de alimentación, escolarización y demás necesidades básicas de menores o personas con discapacidad cuando ellos y las personas a su cargo, carezcan de medios económicos suficientes, hasta un importe máximo anual conjunto de 1,5 veces el indicador público de rentas de efectos múltiples. Asimismo, estarán exentas las ayudas concedidas a las víctimas de delitos violentos a que se refiere la Ley 35/1995, de 11 de diciembre, de ayudas y asistencia a las víctimas de delitos violentos y contra la libertad sexual, y las ayudas previstas en la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, y demás ayudas públicas satisfechas a víctimas de violencia de género por tal condición»*.

I.9. Polo demais, o contido material destas Bases é moi semellante ó do anterior exercicio 2025/2026. A única novidade salientable consiste no incremento do importe das axudas de comedor para o curso 2026/2027, de 45 €/mes/alumno-a a 70 €/mes/alumno-a, agás nos meses de decembro e abril, que pasa de 33 € a 40 € (por ter menos días lectivos).

> Na Base 7.7. lémbrase que os/as solicitantes destas axudas que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas deberán presentar a documentación indicada no apartado 7.3 (declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar) no momento en que estean dispoñibles os datos de IRPF por parte da AEAT.

Nas Bases 7.6 e 7.7 insístise, para despexar calquera posible dúbida ó respecto, en que para os efectos de cálculo da renda familiar non se terán en conta os recibos de aluguer nin as eventuais amortizacións de hipoteca posteriores á data xa indicada; é dicir, que só se teñen en conta os gastos por eses conceptos (cun límite de 600€) correspondentes ós dous (2) meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«**ACORDO**

**PRIMEIRO**: Aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2026/2027», elaboradas polo Sevizo de Benestar Social do Concello de Vigo, co texto que figura nos documentos incorporados cos trámites núms. 7 (Bases) e 9 (Anexos I, II e III) ó Exp. nº 291529/301 (2026).

**SEGUNDO**: Autorizar o gasto de 135.000€ para axudas de libros e material escolar ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 115 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**TERCEIRO**: Autorizar o gasto de 1.729.488,00 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2026/2027. Desta cantidade, 982.071 € imputaranse ó exercicio de 2026 e o resto, 747.417 € ó exercicio de 2027. A contía do ano 2027 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio e á inclusión desta liña de subvencións (*"1.1. Alimentación, vivenda, pobreza enerxética; 1.6. Situacións de emerxencia"*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

**CUARTO**: Aprobar a convocatoria deste Programa de axudas escolares municipais para o Curso 2026/2027 que deberá ser publicada no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e no "Portal de Transparencia e bo goberno" do Concello de Vigo. Os créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior e cos aumentos do crédito orzamentario dispoñible derivados dunha xeneración, ampliación ou incorporación de crédito, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 400.000€.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(241).- APROBACIÓN INICIAL DA PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXEXCUCIÓN DE PLANEAMENTO, ZONA 1 PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS ENTRE A AVENIDA GRAN VÍA, A RÚA HONDURAS, A RÚA CARACAS E A RÚA FERNANDO CONDE. Expte. 5371/401**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o a cordo do Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo de data 10/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/03/2026 asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado polo xerente de urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte,

Vista a proposta de convenio urbanístico negociado referido na cabeceira, emítese o seguinte informe xurídico con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

I. Antecedentes e Feitos

I.I. O Planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, na que se aprobou definitivamente o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 116 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 (Exp. 15313/411); por conseguinte, nos termos da normativa de réxime local, desprega a súa eficacia e executividade como instrumento de ordenación integral do municipio e de disposición de carácter xeral de natureza regulamentaria.

I.II. Previa a súa oportuna negociación, en data 20.05.2025 Dona Alejandra Freire Riande, con DNI núm.***3568** propietaria da parcela catastral 3255502NG2735N0001, inseríа no rexistro do edificio administrativo en Vigo da Xunta de Galicia (entrada 54778/RX1417014), a seguinte documentación:

- Instancia/ escrito polo que formula proposta de convenio de execución de planeamento, atendendo ás previsións do documento de revisión do PXOM de Vigo- PXOM 2025-, sobre a parcela catastral 3255502NG2735N0001 da súa propiedade, sita na Praza de España,entre a Avenida Gran Vía, a rúa Honduras, a rúa Caracas e a rúa Fernando Conde;

- Borrador/ Proposta de Convenio urbanístico de execución de planeamento;

- Nota simple informativa do Rexistro da Propiedade núm. 5 de Vigo da finca núm. 43656 inscrita ao Tomo

1586, libro 1586, folio 210;

- Copia do DNI;

- Plano de ordenación Praza de España;

I.III. Pola súa banda, previa a súa oportuna negociación, en data 11.12.2025 (Cod. Sol.: W1407631-251) Don Leandro Álvarez Porto con DNI núm. ***79.99** en representación da mercantil “ Plaza de España, Estación de Servicio, SL”, con NIF B36.621.068, propietaria da parcela catastral 3255501NG2735N0001MK, finca rexistral núm. 4260 de Vigo, inseríа no rexistro desta Xerencia de Urbanismo, a seguinte documentación,

- Instancia, escrito de solicitude

- Borrador/ Proposta de Convenio urbanístico de execución de planeamento;

*Faise constar que dita documentación obra incorporada no seo do expediente núm. 5362/401.

I.IV. En data 26.02.2026 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, ditou Resolución pola que se dispuxo incoar a tramitación do presente expediente. Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar en data 03.03.2026, en cumprimento das labores de control que estatutariamente ten conferidas.

I.V. Trala negociación do borrador/proposta do dito convenio, procede neste intre acordar a súa aprobación inicial ao texto de convenio que se incorpora como anexo a presente proposta de acordo, asinado pola representación do Concello de Vigo e pola propiedade actual do solo afectado, D. Leandro Álvarez Porto con DNI ***7992** en representación da mercantil “PLAZA DE ESPAÑA, ESTACIÓN DE SERVICIO, SL” con CIF B36621068, domiciliada en Praza de España s/n, e dona Alejandra Freire Riande con DNI ***3568**.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

I.VI. O PXOM 2025 establece que a ordenación da Praza de España realizarase por mazás completas, ambas parcelas inclúense na nomeada ZONA 1; O documento de Revisión do PXOM aprobado definitivamente (PXOM/2025) clasificas as parcelas catastrais afectadas, como solo urbano consolidado (SUC), coa cualificación de uso residencial colectivo, Ordenanza U.4.Edificación aberta.6 “Praza de España”, que regula as determinacións de ordenación, fixándose en todo caso como superficie máxima edificable a especificada nas ordenanzas de referencia. Asemade, reproduce na súa documentación gráfica a correspondente ordenación, sen prexuízo da súa determinación no Estudo de Detalle que se realice con carácter previo as actuacións edificatorias illadas.

II. Fundamentos de Dereito/ Consideracións xurídicas

II.I. Normativa básica aplicable

-TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
-LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
-RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
-LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
-LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
-LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público),
-Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996;
modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.211 pt000, BOP 06.11.2000),
-Revisión do PXOU/1993, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 26.05.2025. A aprobación definitiva da revisión do PXOU 1993 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa e ordenanzas, no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025,
-O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II. Efectos e obxecto do Convenio

O artigo 86.1 da LPACAP sinala que, “(...) as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios o contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule (...)”.

A disposicións legais que regulan os Convenios urbanísticos no ámbito autonómico de Galicia son o TRLS/2015, a LSG 2/2016, do 10 de febreiro e o RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro). O artigo 9.8 do TRLS/2015 refírese aos convenios urbanísticos nos seguintes té11 ptrminos, “(...) Os convenios ou negocios xurídicos que o promotor da actuación celebre coa Administración correspondente, non poderán establecer obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo dos propietarios afectados. A cláusula que conteña estas regras será nula de pleno dereito (...)”.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 118 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Na mesma liña a LSG 2/2016 no artigo 165 establece que, “(...) Os órganos pertencentes ás Administracións Públicas poderán celebrar, sempre no ámbito 11 ptdas súas respectivas competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, ao obxecto de colaborar e desenvolver de maneira mais eficaz a actividade urbanística (...)”.

O artigo 398.3. b) do RLSG indica que os convenios urbanísticos poden ter o obxectivo de establecer os términos e as condicións da xestión e a execución do planeamento en vigor no momento da celebración do convenio.

Finalmente, o artigo 400.1 do RLSG, seguindo o sinalado no artigo 167 da LSG, sinala, “ (...) Os convenios urbanísticos para a execución do planeamento son aqueles que, non afectando á ordenación urbanística, se limiten á determinación dos términos e condicións da xestión e a execución do planeamento. Afectan única e exclusivamente ás partes que os subscriben e non vinculan a resolución que eventualmente corresponda adoptar respecto dos instrumentos de xestión ou execución. Do cumprimento destes convenios non poderá derivarse en caso algún, modificación, alteración ou dispensa do planeamento (...)”.

II.III. Da normativa exposta se desprende que o Convenio negociado con D. Leandro Álvarez Porto con DNI ***7992** en representación da mercantil “PLAZA DE ESPAÑA, ESTACIÓN DE SERVICIO, SL” con CIF B36621068, e con Dona Alejandra Freire Friande con DNI DNI ***3568**, no seu propio nome e dereito, é para a consecución dun fin común como é a execución do planeamento; conforme o artigo 165 da LSG ten como finalidade desenvolver eficazmente a actividade urbanística o facilitar a realización dunha obra de edificación e adquisición polo Concello de novos espazos públicos urbanizados e á implantación das previsións de utilidade pública contempladas no vixente PXOM 2025.

Do contido do Convenio non se advirte contravención do ordenamento xurídico, artigo 86.1 LPAC; non se observa reserva de dispensación ou trato singular de favor, artigo 167 LSG, nin obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que legalmente proceden, artigo 9.8 TRLS.

Por todo o anterior, os que subscriben a presente proposta, validan a proposta do convenio de execución de planeamento, ao constituír a canle axeitada para regular o réxime xurídico da actuación, supondo un adecuado medio de eficiencia e xestión para acadar a finalidade pretendida; poren, terá que axustarse ás esixencias procedimentais e substantivas establecidas polo ordenamento xurídico, as canles haberán de ser cumprimentadas, obviamente, tamén nas actuacións administrativas posteriores dirixidas a súa plena materialización.

II.IV. Procedemento

O RLSG adica os artigos 401, 402 e 403 á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos.

II.V. Órgano competente

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

De conformidade coa normativa vixente, o texto da proposta de convenio negociada que se xunta como Anexo á presente, deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia de Urbanismo.

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia Municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

«**ACORDO**

**PRIMEIRO**: Aprobar o proxecto de texto inicial, que figura como Anexo a esta proposta, co seguinte título:

"PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO. ZONA 1. PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A AVENIDA GRAN VÍA, A RÚA HONDURAS, A RÚA CARACAS E A RÚA FERNANDO CONDE".

**SEGUNDO**: Facultar á Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, para a sinatura do Convenio; da súa subscrición se dará conta individualizada ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local.

**TERCEIRO**: Asinado o Convenio, someterase ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período dun mes. O anuncio indicará o lugar ou punto de acceso electrónico a un enderezo en que se poida consultar o seu contido íntegro; no anuncio constará a identidade das partes.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ZONA 1. PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A AVENIDA GRAN VÍA, A RÚA HONDURAS, A RÚA CARACAS E A RÚA FERNANDO CONDE.**

Na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, a [..] de marzo de 2026.

**REUNIDOS**

Dunha parte, DONA María José Caride Estévez, Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo (Resolución do Alcalde de data 04.07.2023 ;BOPPO Núm. 136 do día 14.07.2023)

Da outra, DON Leandro Álvarez Porto, maior de idade, veciño de Vigo (Pontevedra) con DNI no ***7999**, en nome e representación de "PLAZA DE ESPAÑA ESTACIÓN DE SERVICIO, SL", con NIF nº B36621068, e domicilio aos presentes efectos en Praza de España s/n- Gasolineira, 36203 Vigo, e

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

Dona Alejandra Freire Riande, maior de idade, veciña de Pontevedra, con DNI no ***3568** e domicilio aos presentes efectos na rúa García Camba, núm. 2, 36001, Pontevedra.

**INTERVEÑEN**

A primeira na súa condición de Concelleira delegada da área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo,(Resolución do Alcalde con data do 04.07.2023 ;BOPPO Núm. 136 do día 14.07.2023).

Da outra,

Don Leandro Álvarez Porto, en nome e representación de PLAZA DE ESPAÑA ESTACIÓN DE SERVICIO, SL, con NIF nº B36621068, e domicilio en Praza de España s/n, Vigo, na súa condición de administrador solidario, constituída por tempo indefinido mediante escritura autorizada o 26 de febreiro de 1981 polo notario que foi desta cidade Don José Luis Espinosa Anta, co número 395 do seu protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, ao folio 79 do libro 284 de sociedades, inscrición 1ª da Folla número 4-036. Foi transformada en sociedade limitada, en escritura autorizada en data 23 de xullo de 2007 ante o notario de Vigo, D. Miguel Lucas Sánchez, co número 1649 do seu protocolo;
Dona Alejandra Freire Riande, no seu nome, titular do DNI ***3568**, con domicilio na rúa García Camba, núm. 2, 36001, Pontevedra

E, como mellor en dereito proceda,

**EXPOÑEN**

I. Que son conscientes de que o Concello de Vigo, no documento de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente polo Concello de Vigo en sesión plenaria celebrada o 26 de maio de 2025, considera a Praza de España e a súa contorna inmediata como un elemento de singular importancia na estrutura urbana da Cidade, tanto desde o punto de vista do papel que xoga como peza de transición entre as diferentes tramas que caracterizan os bordes do Monte do Castro e a súa relación con espazos emerxentes como a nova Cidade da Xustiza, sendo un elemento de recepción da cidade e de espazo central do eixo Urzáiz-Samil.

II. Que a entidade mercantil "Plaza de España Estación de Servicio, S"L, é propietaria en pleno dominio da seguinte parcela emprazada na Praza de España de Vigo:

Urbana-.
Inscrición rexistral: FINCA DE VIGO No 4260,
Referencia catastral: 3255501NG2735N0001
Cargas: Libre de cargas, gravames e arrendatarios.

III. Que dona Alejandra Freire Riande, é propietaria en pleno dominio da seguinte parcela emprazada na Praza de España de Vigo:

"*Urbana: Vivienda unifamiliar de planta baja y piso hoy señalada con el número cincuenta y ocho a la Gran Vía, y veintitrés a la calle Fernando Conde, que ocupa la superficie de unos ciento treinta y cinco metros cuadrados, construida sobre el terreno de una superficie de seiscientos siete metros cuadrados. Linda : Norte, de Casimiro Durán Gómez y, en parte, la Gran Vía; Sur, la calle Fernando*

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

*Conde; Este, la Gran Vía y, en parte, la calle Fernando Conde, y Oeste, dicha calle y, en parte, propiedad de Casimiro Durán Gómez(..).*"

Inscrición rexistral: FINCA DE VIGO Nº 43656 inscrita no Rexistro da propiedade núm. 5 dos de Vigo, ao Tomo 1.586, libro 1.586, folio 210
Referencia catastral: 3255502NG2735N0001
Cargas: NON existen cargas rexistradas

IV. Que as parcelas descritas nos expositivos anteriores II e III se emprazan na Praza de España e polo seu grado de urbanización efectiva reúnen a condición de solo urbano consolidado recollida no art. 17 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Dado o carácter emblemático desta praza, o novo PXOM aprobado definitivamente pretende a obtención dos sistemas locais previstos con destino a zonas verdes, viario rodado e beirarrúas peonís que liberen ao anel central da mesma e que contribúan á permeabilidade visual da contorna desde a "Cidade da Xustiza", así como completar o trazado dos viais que conforman este anel.

V. Que por iso, o documento de Revisión do PXOM aprobado definitivamente, (PXOM/2025) xa en vigor, clasifica as parcelas identificadas nos expositivos II e III como solo urbano consolidado (SUC) coa cualificación de ordenanza U4. Edificación aberta, 6. "Praza de España" que regula as determinacións de ordenación (fixándose en todo caso como superficie máxima edificable a especificada nas ordenanzas de referencia).
Asemade, reproduce na súa documentación gráfica a correspondente ordenación, sen prexuízo da súa determinación no Estudo de Detalle que deba realizarse con carácter previo as actuación edificatorias illadas.

Se incorporan como anexos, plano de ordenaciónSUC04 5-G, e a Ordenanza U4. Edificación Aberta PXOM aprobado definitivamente.

VI. Que o Concello de Vigo no ámbito das súas competencias, ao abeiro do artigo 165 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, pode celebrar convenios urbanísticos con particulares, coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística.

VII. Que en atención ao exposto, de conformidade cos compromisos xa adquiridos coa Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo e asegurando unha inmediata actuación urbanística eficaz na consecución duns obxectivos de evidente interese xeral dada a súa posición central na Cidade e pola súa incidencia na mellora do espazo público, a funcionalidade urbana e a calidade ambiental, a súa adecuación á normativa urbanística de aplicación, ao ordenamento xurídico, e ao principio de boa administración, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación a revisión do PXOM 1993 (PXOM/2025), os comparecentes acordan a formulación dun CONVENIO URBANISTICO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN, conforme os seguintes

## COMPROMISOS

### PRIMEIRO-. Clasificación e cualificación urbanística

Constatado o cumprimento dos requisitos legalmente requiridos, o PXOM 2025 aprobado definitivamente clasifica as parcelas identificadas nos expositivos II e III como solo urbano consolidado (SUC) coa cualificación de uso residencial colectivo, determinacións contidas no antecedente IV do presente documento obrigacional.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

Os comparecentes obríganse a presentar perante o Concello de Vigo, no prazo máximo de tres (3) meses a computar dende a aprobación deste Convenio, un Estudo de Detalle referido ao seu ámbito, para a ordenación exacta dos volumes resultantes da actuación.

**SEGUNDO-. Cesións de solo convidas.**

A propiedade comprométese a ceder gratuitamente ao Concello de Vigo as superficies necesarias
procedentes das parcelas da súa propiedade para destinalas a sistemas locais establecidos na ordenación urbanística deste ámbito, unha vez aprobado definitivamente o preceptivo Estudio de detalle.

O emprazamento e contía das superficies de cesión será, en calquera caso, a que resulte da documentación do Estudo de Detalle a redactar que resulte aprobado definitivamente.

Ditas cesións, en cada caso e de maneira individualizada, formalizaranse pola propiedade no prazo máximo de un (1) mes a contar desde a notificación por parte do Concello de Vigo da concesión da correspondente licenza de obra e, en todo caso, antes do outorgamento da escritura de declaración de obra nova da futura edificación. Esta formalización das cesións requiridas levarase a cabo mediante a subscrición da correspondente acta de entrega e recepción a subscribir polo propietadade e o Concello de Vigo.

**TERCEIRO.- Obras complementarias de urbanización**

A propiedade se compromete a redactar, tramitar e executar a súa costa o Estudo de Detalle necesario e o proxecto de obras complementarias da edificación para a execución do vial ao que dan fronte as dúas parcelas. Dito proxecto debe tramitarse de conformidade cos parámetros de medidas, materiais, acabados, axardinamento e urbanización que se determinen, con carácter xeral, para todo o ámbito da praza de España pola Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

Todos os custes de redacción e tramitación do referido proxecto, e de execución de vial serán satisfeitos, integramente, pola propiedade e no seu caso, en proporción a edificabilidade que sobre o conxunto corresponde a cada unha das parcelas incluídas neste ámbito.

Unha vez redactado, aprobado e asinado o convenio urbanístico de execución cuxa redacción e subscrición neste intre se propón, os propietarios poderán instar a redacción e tramitación do Estudio de Detalle e do proxecto de obras complementarias de vial, así como a súa execución.

**CUARTO-.Transmisión.**

A propiedade resérvase a facultade de ceder ou transmitir as parcelas do expositivo II e III deste Convenio a favor das persoas físicas ou xurídicas que libremente designe, mantendo este Convenio toda a súa forza e vixencia.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

**QUINTO-.Cooperación dos asinantes.**

Os asinantes, conscientes da importancia desta actuación, e co obxecto de alcanzar os obxectivos
perseguidos, manifestan o seu propósito de cooperar nas actuacións para realizar no ámbito das súas respectivas competencias, en beneficio da inmediata execución da ordenación desta importante peza urbana da cidade de Vigo.

**SEXTO-. Transmisións de dereitos incluídos no ámbito.**

A propiedade actual dos terreos afectados, obrígase a incluír as obrigacións derivadas do presente Convenio nos títulos de propiedade ou de calquera negocio xurídico que puidesen outorgarse e/ou celebrarse tendo par obxecto, total ou parcial, as parcelas incluídas no devandito ámbito e á súa aceptación expresa en cantos documentos, públicos e/ou privados se outorgasen.

**SÉTIMO-. Formalización do pertinente convenio urbanístico de Xestión.**

Forma parte integrante deste compromiso e do réxime de reciprocidade acordado polos asinantes, a ordenación detallada do PXOM 2025, aprobada definitivamente.

**OITAVO-. Perda da efectividade do compromiso**

Sen prexuízo do resto de causas legais que puidesen proceder para a extinción deste compromiso, o mesmo quedará sen efecto pola modificación por calquera causa, da ordenación recollida na aprobación definitiva da Revisión do PXOM aprobada definitivamente na sesión plenaria do 26 de maio de 2025.

E en proba de conformidade con canto antecede, asínano os comparecentes no lugar e data indicados no encabezamento.

S.ord. 27/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento financiado ao 50% pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Vigo segundo convenio asinado o 20/11/2017

Este documento da Revisión do PXOM foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo na sesión 10/2025 extraordinaria celebrada o día 26.05.2025 (Punto único da orde do día). O Secretario Xeral do Pleno. Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 30/05/2025
CSV: A4AHEF-D1B68E-252EDC-RJ6L2C-UVPL59-FC Verificable en www.vigo.org/csv



Na documentación para a obtención de licenza adxuntarase estudo topográfico e de movementos de terras de toda a parcela edificable. Será obrigatorio o tratamento da parcela non edificada con reelaboración da topografía polo menos ata o seu encontro co nivel de solo do semisoto ou primeiro soto permitido.

As áreas afectadas polo dominio público hidráulico manteranse libres de edificación tratándose como espazos libres privados, podéndose abrir fachadas ás mesmas, e todo isto sen prexuízo do establecido pola administración con competencia.

7. Condicións especiais.

Naquelas parcelas en contacto con outras destinadas por este Plan a dotacións así como nas contiguas ás ordenanzas de tipo unifamiliar ou a elementos protexidos por valores naturais, culturais ou de algún outro tipo, o Concello poderá esixir que no linde común de ambas parcelas non apareza unha parede cega ou medianeira se é previsible que, en función da cualificación asignada á parcela ou ás contiguas, a edificación contigua non se vai adosar ao linde de contacto ou vai a deixar máis do 50% da parede cega ou medianeira ao descuberto, e sempre no caso das unifamiliares. Neste caso a edificación deberá recuarse do linde de contacto unha distancia mínima igual aos 2/5 da súa altura, abrindo obrigatoriamente fachada. Organizarase a edificabilidade que lle corresponda incrementando o fondo edificable, mediante Estudo de Detalle.

Cando a nova edificación se sitúe entre dúas xa edificadas conforme ao planeamento anterior que presenten un fondo de edificación superior ao xenérico autorizado nesta ordenanza, poderá autorizarse un incremento da ocupación en planta piso ata acadar o fondo menor dos edificios colindantes, para os efectos de mellorar as condicións de habitabilidade e sen que isto supoña un incremento da superficie máxima construída en aplicación da presente ordenanza. Igualmente, co obxecto de evitar a formación de pantallas, nos ámbitos contiguos a solo rústico, os volumes edificados non poderán presentar unha fronte máxima superior a 40 metros, con recuados laterais mínimos entre elas de 6 m, podendo incrementar o fondo máximo edificable aos efectos de manter a superficie máxima edificable.

### Art. 79. Ordenanza U4. Edificación aberta.

1. Delimitación e ámbito.

Aplícase esta ordenanza a actuacións singulares de vivenda colectiva ou de outros usos dos permitidos, non incorporables ás morfoloxías en cuarteirón ou en liña, xeralmente resultantes de actuacións de xestión urbanística, segundo se delimita en planos de ordenación.



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 125 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Documento financiado ao 50% pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Vigo segundo convenio asinado o 20/11/2017



2. Sistema de ordenación.

Fíxase un tipo de edificación exenta con fachada a todos os lindes da parcela, agás adose, establecido en planos de ordenación; conformando edificación illada en bloques abertos.

3. Parámetros e condicións da edificación.

Para a edificación existente manteranse os parámetros volumétricos e as condicións de edificación, conforme ao reflectido na cartografía base dos planos de ordenación. Para a nova edificación respectaranse as determinacións establecidas en planos de ordenación referidos á posición, planta neta do solo edificado e a súa altura máxima, ou de ser o caso das licenzas concedidas e vixentes.

As alturas mediranse sobre a rasante da vía á que dea fronte a edificación e deberá respectarse en toda a profundidade edificable. Por enriba da altura máxima definida poderán autorizarse, nas condicións establecidas no art. 62.6 da presente Normativa, usos dos permitidos na planta inmediatamente inferior, e usos complementarios de trasteiros e tendedeiros nas condicións que se fixan nas Normas de habitabilidade.

Non se autorizarán voos sobre as liñas de edificación exteriores.

Autorizaranse semisotos sempre que queden incluídos na altura máxima permitida. Os usos autorizados para semisotos serán os complementarios aos autorizados nas plantas baixas ademais do uso de garaxe. Igualmente, autorízanse a construción de plantas soto para albergar as instalacións técnicas do edificio, usos complementarios aos autorizados na planta baixa e garaxe- aparcamento. Tanto os sotos como os semisotos manteranse ao interior da proxección vertical das plantas piso, podéndose autorizar maiores ocupacións de parcela privada coa única finalidade de localizar as prazas de aparcamento obrigatorias.

Autorízase a construción de entreplantas, que en ningún caso poderán ocupar máis do cincuenta (50) por cento dos locais de planta baixa, e computarán como superficie edificada, estando o seu uso vinculado ao da planta baixa.

No caso de parcelas que polas súas condicións topográficas deixen ao descuberto unha planta de soto estarase ao establecido na ordenanza U3A de Edificación lineal densa.

4. Aliñacións e rasantes.

Son as establecidas nos planos de ordenación. Nas zonas en que os planos de ordenación non as determinen, conservaranse as existentes. Aos efectos do seu



Este documento da Revisión do PXOM foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo na sesión 10/2025 extraordinaria celebrada o día 26.05.2025 (Punto único da orde do día). O Secretario Xeral do Pleno. Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 30/05/2025
CSV: A4AHEF-D1B68E-252EDC-RJ6L2C-UVPL59-FC Verificable en www.vigo.org/csv

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 126 de 130
2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento financiado ao 50% pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Vigo segundo convenio asinado o 20/11/2017



Este documento da Revisión do PXOM foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo na sesión 10/2025 extraordinaria celebrada o día 26.05.2025 (Punto único da orde do día). O Secretario Xeral do Pleno. Asinado por: JOSÉ VILLAN FUERTES Data sinatura: 30/05/2025
CSV: A4AHEF-D1B68E-252EDC-RJ6L2C-UVPL59-FC Verificable en www.vigo.org/csv

tratamento e acabado, as liñas de edificación no seu caso terán a consideración de fachadas exteriores.

5. Usos.

Permítense os seguintes usos:

. Residencial.
. Terciario: Hoteleiro.
. Terciario: Comercial. Categoría 1ª, 2ª.
. Terciario: Oficinas.
. Terciario: Recreativo. Categoría 1ª, 2ª, Tipo I e II, 3ª.
. Industrial: Nas seguintes categorías e grupos:
  - Produtiva: Categoría 1ª, 2ª.
  - Almacenamento: Categoría 1ª.
. Garaxe aparcamento e servizo do automóbil nas seguintes categorías e graos:
  Categoría 1ª, 2ª, e 4ª, sempre que non implique operacións de chapistería e pintura, e garantindo a ausencia de vertidos que poidan deteriorar as instalacións de sumidoiros e depuración.
. Dotacional-Equipamentos:
  - Educativo. Categoría En planta baixa da edificación e primeira vencellada directamente coa planta baixa ou en edificación exclusiva.
  - Socio-Cultural. Categoría 1ª en edificación exclusiva e 2ª.
  - Asistencial-Sanitario. Categoría 1ª, 3ª, en planta baixa da edificación e primeira vencellada directamente coa planta baixa.
. Categoría 2ª, 4ª en edificación exclusiva. Categoría 5ª, en planta baixa da edificación.
  - Servizos público. Categoría 1ª.3, en planta baixa da edificación.
  - Administración institucional.
  - Deportivo. Categoría 1ª, en planta baixa da edificación.
  - Relixioso. Categoría 1ª, en planta baixa. Categoría 2ª en edificación exclusiva.
  - Dotacional múltiple.

6. Praza de España

No ámbito da Praza de España o Plan Xeral establece en planos de ordenación ámbitos de posición da futura edificación a implantar coa consideración de áreas de movemento, e coa superficie máxima edificable que de seguido se establece en relación ás parcelas que se indican, coa referencia catastral vixente á aprobación do Plan. A formalización da nova edificación requirirá da formulación dun estudo de detalle así como dos procesos de normalización de predios que sexan do caso, aos efectos de acomodarse ás determinacións de ordenación. A altura máxima de edificación será de baixo e sete plantas, autorizándose usos por riba da mesma nas condicións establecidas no punto 3



| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 127 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18
Documento asinado



Documento financiado ao 50% pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Vigo segundo convenio asinado o 20/11/2017

Este documento da Revisión do PXOM foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo na sesión 10/2025 extraordinaria celebrada o día 26.05.2025 (Punto único da orde do día). O Secretario Xeral do Pleno. Asinado por: JOSÉ VILLAN FUERTES Data sinatura: 30/05/2025
CSV: A4AHEF-D1B68E-252EDC-RJ6L2C-UVPL59-FC Verificable en www.vigo.org/csv

da presente ordenanza, ao igual que a ocupación da totalidade da area de movemento en plantas baixo rasante con destino a garaxe aparcamento e instalacións complementarias. O sobrante da área de movemento non ocupada pola edificación sobre rasante terá a consideración de espazo de uso público peonil.

3255501NG2735N e 3255502NG2735N: 10.866 m$^2$.
3355901NG2735N e 3355902NG2735N: 3.574 m$^2$.
3354406NG2735S: 7.621 m$^2$.
3453903NG2735S, 3453928NG2735S e 3453904NG2735S: 6.804 m$^2$.
3254201NG2735S: 8.891 m$^2$.
3254701NG2735S: 1.996 m$^2$
3253601NG2735S, 3253602NG2735S, 3253603NG2735S, 3253605NG2735S:12.425 m$^2$.

7. A Metalúrxica.

Para o ámbito formado polas parcelas coas seguintes referencias catastrais vixentes á aprobación do Plan, 3963003NG2736S, 3963038NG2736S, 3963039NG2736S e 3963040NG2736S, A Metalúrxica, establécese unha superficie máxima edificable de 18.100 m$^2$ conforme ao establecido no Proxecto de Compensación aprobado en data 6.11.2003. O Plan Xeral establece en planos de ordenación o ámbito de posición da futura edificación a implantar coa consideración de área de movemento debendo redactarse o correspondente Estudo de Detalle. A altura máxima de edificación será de baixo e dezanove plantas medidas dende a rasante da rúa García Barbón, autorizándose usos por riba da mesma nas condicións establecidas no punto 3 da presente ordenanza, ao igual que a ocupación da totalidade da area de movemento en plantas baixo rasante con destino a garaxe aparcamento e instalacións complementarias. O sobrante da área de movemento non ocupada pola edificación sobre rasante terá a consideración de espazo de uso público peonil.

**Art. 80. Ordenanza U5. Edificación mixta.**

1. Delimitación e ámbito.

Comprende esta ordenanza as extensións de solo urbano onde coexisten tipoloxías edificatorias con ou sen edificación na aliñación a viario, o carácter residencial colectivo e o unifamiliar con outros usos como terciarios e industriais, en tipoloxías mixtas tanto entre medianeiras como de edificación illada.

2. Sistema de ordenación.

Dentro do tipo mixto de ordenación esta ordenanza acomodará a nova edificación e a renovación ou ampliación das existentes ás características do contorno, axudando as



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 128 de 130
2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado

Documento financiado ao 50% pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Vigo segundo convenio asinado o 20/11/2017




LÍMITE DO TERMO MUNICIPAL
LIÑA DE DESLINDE D.P.M.T
SERVIDUME DE PROTECCIÓN
RIBEIRA DO MAR
SERVIDUME DE TRÁNSITO
ÁREA DE INFLUENCIA DE COSTAS
ACCESOS AO MAR. PEONIL
ACCESOS AO MAR. RODADO
ACCESOS AO MAR. PEONIL A OBTENER
DOMINIO PÚBLICO VIARIO AUTONÓMICO
EIXO VIARIO. ESTRADAS AUTONÓMICAS

SUC. SOLO URBANO CONSOLIDADO
ALIÑACIÓN
DISTANCIA ENTRE ALIÑACIÓNS
TRAZADOS PROPOSTOS
PE. PLAN ESPECIAL
PRS. PROXECTO SECTORIAL
PLS. PLAN SECTORIAL
NF. NORMALIZACIÓN DE FINCAS
API. ÁREA DE PLANEAMENTO INCORPORADO

*ORDENANZAS DE APLICACIÓN*
U1-U6. RESIDENCIAIS
U7. FINCAS SINGULARES
U8. ACTUACIÓNS UNITARIAS CONSOLIDADAS
U.9. ACTIVIDADES
U.10 EQUIPAMENTOS
Nº DE ORDENANZA
ALTURA
FONDO
DOTACIÓNS APARCADOIROS

*DOTACIÓNS URBANÍSTICAS*
SX-EL-Ex
SX-EL-Ob
SX-EQ-Ex
SX-EQ-Ob
SX-IC-Ex
SX-IC-Ob
SX-IS-Ex
SX-IS-Ob
SL-EL-Ex
SL-EL-Ob
SL-EQ-Ex
SL-EQ-Ob
SL-IC-Ex
SL-IC-Ob
DPv-EQ
SISTEMA XERAL VIARIO. TIPO
SISTEMA XERAL VIARIO.APARCADOIROS

*INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS*
IS-OLEO-EX
IS-GAS-EX
IS-ELE-EX
IS-SAN-EX
IS-SAN-OB
IS-ABS-EX
IS-ABS-OB
TANQUE DE TORMENTA PROPOSTO
SUBESTACIÓN ELÉCTRICA PROPOSTA

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
CONCELLO DE VIGO

# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

OFICINA DE PLANEAMIENTO, S.A. Y S.E.P.I.A. TÉCNICOS, S.L. PXOM VIGO

DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

36057_PXOM_202502_AD01

FEBREIRO 2025
A1 | 1:2000
A3 | 1:4000

SOLO URBANO CONSOLIDADO

PORD 04 5-G

A1 0 40 80 120 160 200 m.

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 129 de 130 |
|---|---|---|
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**26(242).-ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/04/2026 09:13:18

Documento asinado



| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/04/2026 09:14 | Páxina 130 de 130 |
| 2059-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: ABBEA2-CH8B25-3B4AA9-K7DF9R-1FHHGR-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |